

EUROPA A DEBATE

MIGUEL CANCIO ÁLVAREZ¹

Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 9 decembro 1996

Aceptado: 18 decembro 1996

INTRODUCCIÓN

Europa está sumida nun gran debate con motivo da posta en marcha da moeda única, como consecuencia da Unión Económica e Monetaria. Un debate que ten múltiples derivacións non só económicas, senón tamén xeoestratéxicas, políticas, ideolóxicas, simbólicas, culturais, sociais; derivacións trans-, mega-, macro-, meso- e microsociais.

Europa vese sometida a unha forte competencia polos Estados Unidos, polo Xapón e polos países asiáticos emerxentes. Europa é a que menos medra, onde o desenvolvemento das novas tecnoloxías é menor ca nos países competidores, onde hai máis paro e onde máis foi en aumento, especialmente entre os novos. Europa vese cuestionada no seu "benestar", por iso fálase dos perigos da mundialización².

Pero fálase menos dos perigos dunha democratización europea proclamada ideoloxicamente, que na práctica real se baleira de contido e perde en garantías, dos perigos da corrupción que se vive en Europa e dentro das institucións da Comunidade Europea³. Estes perigos poderían agravarse ó crearse institucións moito máis afastadas dos cidadáns, moito máis complexas e coas que saírían gañando os múltiples *lobbys*, grupos de presión, os grandes aparatos políticos que cada día se están constituíndo, reforzando; saírían gañando as vellas e novas *nomenklaturas*, tecno-estructuras burocráticas...

Avánzase en Europa polos gobernos, polos aparatos políticos, sindicais..., pero con grandes problemas e dúbidas. Inglaterra e Dinamarca xa estableceron unha Europa á carta, á súa medida. Aínda así, en Inglaterra hai grandes suspicacias e

¹ Economista e sociólogo, profesor de socioloxía da Universidade de Santiago de Compostela, é o responsable da tradución, introducción, notas, titulares e bibliografía incluídas neste documento. Os artigos traducidos, as entrevistas, a cronoloxía e as preguntas sobre a moeda única proveñen do xornal *Le Monde-Le Monde de l'Économie* e da revista *Le Nouvel Observateur*, dos meses de setembro, outubro, novembro e decembro de 1996.

² Carfantan, J.Y. (1996): *L'Épreuve de la Mondialisation*. Seuil.

Adda, J. (1996): *La Mondialisation de l'Économie. Genèse et Problèmes*, 2 Tomos. La Découverte.

³ Porta, D. della; Mény, Y. (1995): *Démocratie et Corruption en Europe*. La Découverte.

Connolly, B.: *El corazón podrido de Europa: La guerra sucia por el dinero comunitario*. (Este autor, alto cargo da Comunidade Europea foi expulsado por publicar este traballo).

numerosos e importantes sectores piden referendos. En Dinamarca, os que están en contra de Europa seguen fortes. En Francia, que gañou por moi pouco o referendo de Maastricht, volven mostrarse con forza no centro, na dereita e na esquerda, cos extremos incluídos, amplos sectores en contra da Comunidade Europea, da moeda única, aínda que con criterios contrapostos. Nada menos que o ex-ministro francés Jean Pierre Chevènement, presidente do Mouvement des Citoyens (MDC), lanza en decembro de 1996 unha campaña pola organización dun referendo sobre a moeda única, que será apoiada polo economista Alain Cotta, o sociólogo Emmanuel Todd (do que Chirac tomou a súa análise da fractura social que tanto éxito tivo na campaña que o fixo presidente da República francesa), polos intelectuais, escritores, políticos, expertos: Jean-François Kahn, Régis Debray, Gilles Perrault, Jean Claude Guillebaud, Sami Nair, Pierre-André Taguieff, Philippe Corcuff, Edmonde Charles-Roux, Max Gallo, o ex-ministro Anicet Le Pors, o alcalde de Mans Robert Jarry, Philippe de Saint Robert, o que foi secretario xeral do Eliseo Bernard Tricot... O partido comunista francés propón tamén que Francia convoque un referendo sobre a moeda única. O deputado por Belfort, Chevènement, considera que *"os franceses que votaron por Maastricht en 1992 non votaron polo pacto de estabilidade e pola fusión franco-marco"*.

En Alemaña, que impón a súa lei en Europa, cando se achega o momento de substituí-lo marco (o orgullo da súa reconstrucción, da súa soberanía e do grande éxito económico) polo euro, aumentan as dúbidas e as precaucións. Incluso diferentes enquisas realizadas á poboación alemana (e á francesa) dan conta de que importantes sectores da poboación, que foron en aumento, son moi reticentes cara á Unión Europea, á que non queren sacrificá-las cotas de benestar alcanzadas (aínda que estas cotas e a súa forte mingua haxa que analizalas á luz dos cambios demográficos, do avellentamento da poboación e, sobre todo, da entrada con forza no xogo económico, na guerra mundial económica de todos contra todos —incluídos os países europeos da Unión que loitan duramente entre eles, de aí as desvalorizacións competitivas—, de potentes competidores que poñen en evidencia as rixideces estruturais dos países europeos, as preocupacións corporativas, a defensa de vellos, inxustos e insolidarios privilexios...). Incluso os países do sur: España, Grecia, Italia, Portugal... —que tiñan na Unión Europea a súa coartada para o desenvolvemento democrático e, sobre todo, socioeconómico— ven agora en Europa grandes nuboeiros; nuboeiros que baixaron en moitos graos a fe dos seus cidadáns en Europa (claro que, en moitos casos, foi iso: unha cuestión de fe, unha receita máxica e salvadora... o que venderon as clases dominantes e dirixentes destes países ós seus cidadáns con relación a Europa).

Uns días antes do importante Consello Europeo que se realizaría en Dublín o 13 e o 14 de decembro de 1996, levantáronse voces de protesta contra diversos bloqueos no desenvolvemento do proceso de Unión Europea. O 6 de decembro de 1996, o ministro de Asuntos Exteriores de Francia, Hervé de Caherette, causou

unha gran conmoción ó denunciar enerxicamente a ausencia de progresos no seo da Conferencia Intergubernamental (CIG) que trata de reforma-lo Tratado de Maastricht na perspectiva de amplia-la Unión Europea ós países de Europa central. O ministro francés criticou a presidencia irlandesa, que presentou un proxecto para discutir en Dublín que, segundo este, "*é o exacto reflexo da mediocridade dos traballos realizados ata agora e que teñen como finalidade a moeda única e a ampliación da Unión Europea*". Di o ministro francés: "*Non se negocia, a CIG desacouga, carecemos de audacia debido a que algúns de nós queren face-lo menos posible. E non se pode dicir que os británicos bloquearan a vontade dos catorce*". Para relanza-las discusións, Chirac e Khöl vanlles remitir unha carta ós seus socios europeos. O ministro francés, logo de dicir que "*o proxecto que se nos presentou para o cumio de Dublín non ofrece ningunha resposta ás nosas ambicións*", adiantou algún punto que tratará a devandita carta: fixar claramente os obxectivos da CIG e negociar realmente en lugar de manter monólogos sucesivos. O ministro francés sinalou catro grandes capítulos para relanza-la Unión Europea: o máis importante, tendo en conta os problemas relativos á ampliación, refírese á reforma das institucións europeas. Esta debe ser fonda, afectar á Comisión no relativo á toma de decisións (extensión do voto maioritario, nova ponderación dos votos), ós poderes do Parlamento europeo e dos parlamentos nacionais, á subsidiariedade...

Con relación ó documento da presidencia irlandesa sobre o segundo capítulo, o relativo ó campo xudicial e policial, este é considerado negativo. Di o ministro francés: "*Non podemos estar satisfeitos das pseudoreformas que adoptan a forma de vagas declaracións. O que necesitamos son resultados operativos*". Os últimos obxectivos refírense á política exterior e á defensa. Sobre isto, o ministro francés di que "*non se deu ningunha resposta satisfactoria*", "*é necesario negociar, facer compromisos*", para o que dixo que Francia estaba disposta a ir cara a adiante, a facer concesións substanciais con relación ó que veñen sendo as súas posicións tradicionais.

Dirixíase así ós alemáns. Francia non está disposta a pasar ás fases seguintes (o comezo das negociacións para a ampliación da Unión, especialmente), mentres non se leve a cabo a reforma das institucións europeas.

Outros, en sentido completamente contrario a Europa, é dicir, en contra da Unión Europea, seguen a piñón fixo, algúns practicamente cos mesmos tópicos, estereotipos e lugares comúns en materia política, ideolóxico-simbólica, económica, empresarial, cultural... ca antes da caída do muro de Berlín. E outros cambiaron de forma oportunista a súa posición completamente contraria á Comunidade Europea, a medida que teñen máis responsabilidades políticas, sindicais, económicas..., que ven posibilidades de acceder ó poder...

A fundamentalismos ou pensamentos únicos en materia europea, respóndese con outros fundamentalismos ou pensamentos únicos, pero en contra de Europa, da súa Comunidade.

Seguindo en parte as propostas de Rawls, Dworkin..., o portugués João Carlos Espada publicou en 1996 en Gran Bretaña (en Oxford, MacMillan Press) e nos Estados Unidos (en St. Martin's Press) a obra *Social Citizenship Rights. A Critique of F.A. Hayek and Raymond Plant*. Trátase da tese de doutoramento que presentou en Oxford co patrocinio de Popper e baixo a dirección de Raf Dahrendorf, autor do prefacio do libro. Espada, que estudou socioloxía, que procede do marxismo-leninismo, que foi asesor de Mario Soares, fundador do Club de Esquerda Liberal, que deu clases nas universidades americanas de Brown e Stanford, que dirixe actualmente un master de ciencia política na Universidade Católica de Lisboa, na súa obra *Dereitos sociais dos cidadáns* entra no gran debate que esta tendo lugar en Europa, na configuración da Unión Europea e na súa posible ampliación, e tamén internacionalmente, no debate sobre o papel do mercado e do estado, sobre o neoliberalismo e as políticas intervencionistas... Espada, na súa obra, fai unha crítica ó neoliberalismo de Hayek e ó igualitarismo de lord Plant, que foi rector en Oxford e un dos teóricos do partido laboralista. Espada trata de enfrontarse ó antagonismo *socialismo versus liberalismo* para potencia-las liberdades civís que garante o mercado sen esquece-las políticas sociais. Segundo Espada, só serían ilexítimas aquelas desigualdades que producen a exclusión, que están por debaixo do mínimo vital, que non satisfán os dereitos básicos que supoñen unha vida digna para a persoa. Espada trata de compatibiliza-lo benestar, centrándoo, co mercado libre sometido a regras e coa liberdade individual responsable. Liberdade para que o cidadán, en igualdade de condicións, poida crear, innovar, criticar, dar libremente o que leva dentro e teña garantidos uns dereitos sociais mínimos.

Outra das grandes dúbidas sobre Europa, das grandes decepcións, foi a pouca unión que prevaleceu en casos tan graves como a guerra europea de Iugoslavia, onde cada país europeo defendeu os seus dereitos particulares fronte ós dos seus socios, ou a súa posición noutros conflitos internacionais (en América latina, Irak, o conflito árabe-palestino, África, Europa do leste...), onde os socios europeos ou ben non mantiveron as mesmas posicións ou ben Europa ocupou un lugar completamente secundario, impropio da súa historia, peso e potencia.

Convén, polo tanto, ter en conta a complexidade da realidade europea, de todos e cada un dos países en xogo, dos múltiples factores que interveñen para analiza-las políticas en xogo, as que cómpre desenvolver. E, o que é máis importante, que estas políticas se apliquen despois dun amplo, transparente, rigoroso e participativo debate. Debate do que non deben quedar excluídos, senón todo o contrario, os cidadáns tanto no relativo ó debate en si como ás importantes decisións que hai que tomar e que van ter unha clara repercusión nas súas condicións de vida e traballo, no xogo democrático: no seu desenvolvemento e afondamento ou no seu bloqueo e grave retroceso.

Para contribuírmos a este debate, incluímos neste traballo, ademais do calendario da moeda única e dunha serie de cuestións básicas sobre o seu funcionamento,

unha mostra de opinións dadas por algúns dos máis importantes líderes políticos, económicos e empresariais europeos e, tamén, por expertos, políticos e intelectuais internacionais.

CALENDARIO DA MOEDA ÚNICA

- *1 de xullo de 1990*: Primeira fase da Unión Económica e Monetaria (UEM). Liberación total de movementos de capitais nos países da Unión.
- *1 de xaneiro de 1993*: Culminación ("*Achèvement*") do mercado único.
- *1 de novembro de 1993*: Segunda fase da UEM. Entrada en vigor do tratado sobre a Unión Europea de Maastricht.
- *1 de xaneiro de 1994*: Creación do Instituto Monetario Europeo (IME) en Frankfurt.
- *14-16 de decembro de 1995*: Consello Europeo de Madrid. Adopción do nome "euro" para a moeda única.
- *31 de decembro de 1996 (data tope)*: Definición polo IME do cadro regulamentario, organizativo e loxístico da Banca Central Europea (BCE) e do Sistema Europeo dos Bancos Centrais (SEBC). Preparación pola Comisión, o Consello e o IME da lexislación relativa ó BCE e ó SEBC, e á introducción da moeda única.
- *1998 (o máis axiña posible)*: Os xefes de estado e de goberno deciden qué estados membros participarán os primeiros na moeda única en función dos criterios de converxencia e a partir dos resultados económicos de 1997.
- *O máis axiña que sexa posible despois desta decisión*: Os estados membros nomean a dirección do Banco Central Europeo. O BCE e o Consello fixan a data da introducción dos billetes e das moedas en euros. O SEBC comeza a emisión dos billetes en euros. O Consello e os estados membros comezan a cunaxe da moeda en euros.
- *1 de xaneiro de 1999*: Terceira fase da UEM. O Consello fixa as taxas de conversión das moedas dos países participantes entre elas e con relación ó euro. O euro convértese plenamente en moeda.
- *1 de xaneiro de 2002 (a máis tardar)*: O SEBC pon progresivamente en circulación os billetes en euros e retira os billetes en moedas nacionais. Os estados membros poñen en circulación as moedas en euros e retiran as moedas nacionais.
- *1 de xullo de 2002 (a máis tardar)*: Fin do paso á utilización completa do euro polos estados membros participantes.

PREGUNTAS E RESPOSTAS SOBRE O EURO

♦ *¿Cales son os criterios para participar na moeda única?* Para participaren no euro, os estados membros da Unión comprometéronse a mellora-la situación

das súas economías aliñandoas sobre os mellores niveis. É o que define o plan de converxencia. O Tratado sobre a Unión Europea, asinado en Maastricht o 7 de febreiro de 1992, definiu cinco criterios: un déficit público anual que non exceda o 3% do PIB; unha débeda pública bruta que non supere o 60% do PIB; unha inflación que non exceda máis do 1,5% dos tres mellores índices de inflación nacionais da Unión durante o ano transcorrido; unha moeda que respecte, dende cando menos dous anos, as marxes de fluctuación do Sistema Monetario Europeo (SME) e uns tipos de xuros a longo prazo que non superen en máis do 2% a media dos tres estados membros que teñan os tipos menos elevados.

◆ *¿Que países adoptarán o euro o 1 de xaneiro de 1999?* En 1998, o máis axiña posible, os xefes de estado e de goberno decidirán qué estados membros participarán na moeda única, en función dos criterios de converxencia e dos resultados económicos de 1996 e de 1997. Para os que non estivesen en condicións de facelo, terá lugar regularmente un reexame. O Reino Unido e Dinamarca benefíciense dun protocolo que lles permite non vincularse ó euro se o desexan. Dinamarca votou o 18 de maio de 1993, mediante referendo, a adhesión ó Tratado da Unión, pero sen moeda única. En Maastricht, Gran Bretaña conseguiu unha serie de cláusulas de exención ("*opting out*") sobre a moeda única e o apartado (a "cesta") social.

Segundo o boletín económico do CCF de outubro de 1996, Alemaña supera este ano o limiar dos déficit públicos e o da débeda. En 1996, só Dinamarca, Irlanda e Luxemburgo presentaron déficit públicos inferiores ó 3% do PIB. Para a débeda, só Francia, o Reino Unido e Luxemburgo se situarían por debaixo do 60%. Cómpre engadir que Dinamarca e Irlanda están exceptuados do criterio de débeda, pois non presentan déficit excesivos.

◆ *¿É o ecu unha verdadeira moeda?* O ecu (European Currency Unit) foi creado en 1979, co Sistema Monetario Europeo. Desaparecerá o 31 de decembro de 1998, deixándolle o seu lugar ó euro, ó tipo de cambio un por un. Trátase dun panel de moedas cun valor que será calculado a partir das diferentes divisas comunitarias.

As moedas non teñen o mesmo valor no ecu e as súas ponderacións respectivas deben corresponder ó peso económico de cada estado (con relación ó PIB e ós intercambios comunitarios). Estas ponderacións son revisadas cada cinco anos ou antes se unha das moedas ofre unha variación do 25% ou máis. A chegada dun novo estado membro impón igualmente unha revisión.

O 1 de novembro de 1993, trala segunda fase da Unión Económica e Monetaria, a composición do panel do ecu foi conxelada. As moedas dos tres últimos países admitidos na Unión Europea: marco finlandés, schilling austríaco e coroa sueca non interviñeron neste panel.

◆ *¿Como evita-las desvalorizacións competitivas polos estados membros que non se adhiran á moeda única en 1999?* Reunidos en Dublín en setembro de 1996, os ministros de Economía e Finanzas dos quince deseñaron as grandes liñas dun pacto de estabilidade monetaria que, baixo a forma dun "SME-bis", ligara os países que aínda non sexan membros da Unión Monetaria ("*pre-in*") ós que xa adoptaran o euro ("*in*").

O obxectivo busca impedir-lles ós primeiros realizar desvalorizacións competitivas que penalicen ós segundos. A adhesión a este pacto será voluntaria.

◆ *¿A disciplina orzamentaria imposta polos criterios de Maastricht perseguirase máis alá da adopción do euro?* É probable. Sempre en Dublín, os quince puéronse de acordo sobre outro pacto de estabilidade que, unha vez co euro en vigor, impoñería unha disciplina orzamentaria ós estados membros da Unión Monetaria.

Están previstas sancións para os países cuns déficit públicos que estean por enriba do 3% do PIB. Impulsado polos alemáns, este pacto orzamentario prevé a exención de castigos en casos de circunstancias excepcionais como unha forte e duradeira recesión. A definición do concepto de "circunstancia excepcional" non está establecida e aparece como un dos puntos máis sensibles, pendente de resolver.

O EURO, O EMPREGO, A INFLACIÓN, AS DESVALORIZACIÓNS COMPETITIVAS, O MODELO POLÍTICO E SOCIAL EUROPEO, OS CHOQUES ESPECÍFICOS, A AMPLIACIÓN A 25, A MUNDIALIZACIÓN...

ENTREVISTA CON JEAN-PAUL FITOUSSI⁴ SOBRE O MERCADO ÚNICO EUROPEO

P.- *¿Pode ser bo o euro para o emprego?*

R.- Esta é a cuestión. E precisamente agora que estamos sufrindo un mal temible, o paro de masas⁵, ponse o acento no perigo da inflación. Non é un segredo para ninguén que o franco e o marco están sobrevalorados con relación ó dólar.

Esta sobrevaloración débese á nosa loita contra a inflación. Aínda estamos a tempo de cambiar de chaqueta, de política.

⁴ *N.T.*: Fitoussi é catedrático no Instituto de Estudos Políticos de París e, tamén, presidente de OFCE, un dos principais institutos de estudos económicos de Francia. Formou parte da Comisión Minc que realizou o polémico informe *A Francia do ano 2001* (1994). Esta comisión, integrada por empresarios, científicos, intelectuais, economistas, etc., realizou este informe para o primeiro ministro francés Balladur e abriu unha gran polémica sobre o concepto de igualdade: igualitarismo burocratista, igualdade que non mate a liberdade para crear, equidade... J. Fitoussi publicou entre outras obras: *El debate prohibido: Moneda, Europa, pobreza*, no ano 1996, na editorial Paidós e *La Nouvelle Âge des Inégalités*, xunto con P. Ronsanvallon, tamén en 1996, na editorial Seuil.

⁵ Viñals, J.; Jimeno, J.F. (1996): *La Unión Monetaria y el paro en Europa*. Banco de España.

A sobrevaloración dunha moeda imponlles ás empresas do país ou da rexión, un hándicap de competitividade. Á parte de provocar dislocacións, as empresas non teñen outro remedio que pasárllle-lo morto ós asalariados, ó baixa-los custos e aumenta-la produtividade. Desta maneira, a sobrevaloración dunha moeda págana os asalariados vía sufrimentos suplementarios ou vía paro. Nun mundo no que tódolos actores públicos e privados buscan simultaneamente maiores cotas de competitividade, hai que estar moi atentos a que esta busca non dea lugar á destrucción dos sistemas de protección social.

Se o euro valesse dous dólares en lugar de un, o prezo dos produtos europeos sobre os mercados "dolarizados" dobraríase. Nestas condicións, algúns considerarán que é necesario baixa-los salarios se se quere que Europa aguante a competitividade internacional. Pero neste exemplo non é o nivel de salarios o que suscita problemas. É dicir, a xestión do euro deberá facerse de tal maneira que non favoreza a sobrevaloración e que alivie as cargas que pesan sobre o mercado de traballo. Unicamente baixo este suposto é como se pode dicir que a moeda única participa na solución do problema do emprego.

P.- *Os cursos da moeda non se resólvon por toques ou receitas máxicas...*

R.- É a diferenza entre as taxas de xuros o que resolve o curso das moedas, dunhas con relación ás outras. Abondaría con determina-lo tipo de xuro adecuado en Europa para que o tipo normal de cambio do euro con relación ó dólar fose, por exemplo, de un por un. Se os nosos tipos curtos fosen moito máis baixos cós americanos, o dólar nun primeiro tempo sería moi demandado e apreciaríase. Esta é a política monetaria expansionista dos EE.UU. ó comezo dos anos 90 que contribuíu á infravaloración do dólar. ¿Por que se declara de entrada que Europa sería incapaz de facer unha política como esta? Non é cuestión de afacerse ás delicias das desvalorizacións competitivas, pois neste xogo todo o mundo perde a longo prazo. Pero, en calquera caso, no caso da xestión do euro hai que atopalo sentido do razoable.

P.- *¿Non sería necesario relativiza-lo papel do dólar na medida en que máis do 70% do comercio exterior dos quince se fai entre os países da Unión?*

R.- Certamente. Unha das vantaxes da moeda única é a de reducir mecanicamente a tutela dos mercados sobre os gobernos. Moi atentos ós tipos de cambio intracomunitarios, estes últimos conduciron frecuentemente a aumenta-los tipos de xuros, debido ás especulacións, cando a súa economía esixía todo o contrario. A moeda única sería, polo tanto, un formidable progreso na medida en que a Unión Europea é un conxunto relativamente pechado, como os EE.UU. e o Xapón. O euro podería así relanza-la "potencia" política. O que non é posible nunha economía moi aberta —na que toda política expansionista beneficia tanto ó estranxeiro como á economía nacional que soporta ela soa o custo—, éo no marco da Unión Económica e Monetaria. Ausencia de inflación e economía relativamente pechada constitúen as condicións ideais de eficacia da política económica, especialmente a or-

zamentaria. Pero para terminar coa fase de impotencia que acabamos de pasar, é preciso que os países europeos se poñan de acordo nunha estratexia de crecemento e emprego. Este é o problema principal. Se non se fai así, paradoxalmente será o programa thatcheriano o que se poñerá en marcha: Europa converterase estruturalmente nunha zona de librecambio onde triunfarán as estratexias dos contrarios ás políticas fiscais e sociais.

P.- *¿Que é o que definiría a esta política común?*

R.- É necesario que unha autoridade política faga contrapeso ó Banco Central Europeo, definindo especialmente a política de cambio de Europa. Trataríase dunha institución que desenvolvería o papel dun superministerio de cambios. Pero isto non é suficiente. Sería necesario un acordo entre os gobernos sobre o carácter absolutamente prioritario da loita polo emprego e pola cohesión social. Cómpre asinar un pacto de non-agresión fiscal e social para evitar que o desmantelamento dos sistemas de protección social non sirva de substituto á desvalorización competitiva.

P.- *¿A chegada do euro fará posible esta política?*

R.- Créoo así por dúas razóns. Por un lado, a xestión do tipo de cambio do euro con relación ó dólar será necesariamente máis pragmática cá xestión das paridades intraeuropeas. A dimensión simbólica da política denominada do franco forte fronte ó marco desaparecerá. Por outro lado, case por definición, a xestión do euro deberá satisfacer a necesidade media dos países europeos e non se aliñará sobre unha liña de máis alta tensión que sería a dos países de tensións inflacionistas máis fortes. No marco do euro, sería inconcibible que a unificación alemana conducise a unha elevación dos tipos de xuros en Europa. Estes dous factores desaparecerían coa moeda única: para combater-lo incremento da inflación, o Bundesbank aumentaría os seus tipos de xuros e para mante-las paridades que non estivesen verdadeiramente xustificadas, os gobernos europeos aceptarían pagar primas de risco considerables. A futura banca central europea deberá vixiar-las taxas de inflación medias de Europa. Se esta existira dende comezos dos 90, non aumentarían os seus tipos na medida en que a inflación continuase baixando. Se no houberse paridade intracomunitaria, non habería especulación e, polo tanto, primas de risco. Tendo en conta estes factores, os tipos en Francia serían a metade menos importantes do que o foron en media nos anos 90.

P.- *O euro vai priva-las nacións da arma monetaria. A arma orzamentaria vai-se ver limitada polo control dos déficit previstos no "pacto de estabilidade". ¿Que pasaría en casos de crises nacionais?*

R.- Estas crises que se denominan tamén *choques específicos* son raras, pero non deben ocultarse, manterse en silencio. Na Europa comunitaria, o primeiro e verdadeiro *choque específico* foi o da unificación alemana. Dúas respostas serían posibles: ou ben hai unha mecánica automática de compensación no ámbito europeo, o que suporía un orzamento federal suficientemente elevado —cando un esta-

do americano sofre unha recesión específica, o orzamento federal compénsao por un fenómeno de redistribución—, ou ben o goberno debe garda-lo control da súa política orzamentaria. O pacto de estabilidade preveo no caso de "circunstancias excepcionais".

ITALIA DEBE QUERER A EUROPA E Á INVERSA, por Giovanni Agnelli

A presentación dos orzamentos para 1997 na maioría dos países de Europa pu-xo fin ás discusións e ás incertezas en canto ós prazos e ás modalidades de posta en marcha do proceso que conducirá, o 1 de xaneiro de 1999, á creación do euro. Tódolos orzamentos foron establecidos no respecto das decisións do cumio de Madrid de 1995, é dicir, co obxectivo de satisfacer os criterios de converxencia de Maastricht en 1997 e desembocar nunha situación en regra que permita a verificación cifrada da primavera de 1998.

Noutros termos, os acontecementos das últimas semanas⁶ mostraron claramente a forte determinación dos gobernos dos principais países de Europa para avanzar sen atrasos na posta en marcha da Europa monetaria, considerada como unha etapa non só simbólica, senón tamén decisiva para o relanzamento dun proceso de crecemento estable e duradeiro que sirva para afrontar-lo grave problema do paro⁷. Nun artigo publicado polos ministros de Economía francés e alemán, Jean Arthuis e Theo Waigel (*Le Monde*, 22-23/09/96), estes demostraron que non hai oposición entre o saneamento das finanzas públicas e o crecemento do emprego. O crecemento económico depende dos tipos de xuros, que poden manterse baixos cando os estados reducen os seus gastos e controlan a inflación. O emprego producirase como consecuencia deste relanzamento do crecemento, así como pola flexibilidade do mercado de traballo.

O Goberno italiano está, neste mesmo momento (finais de setembro de 1996), resoltamente implicado na consecución do saneamento das finanzas públicas, buscando, á vez, favorece-lo emprego por medio dunha mellor xestión dos investimentos en infraestruturas e de incitacións propias para modifica-las condicións do mercado de traballo.

Por outra parte, creo que no curso das últimas semanas (agosto, setembro 96) a conciencia da necesidade absoluta para Italia de entrar en Europa dende o comezo, xunto ós outros e principais países do continente, gañou terreo entre os actores da vida política.

Máis alá das polémicas momentáneas, que non se diferencian das que coñecen tódolos países, despréndense con nitidez dous conceptos:

⁶ N.T.: De finais de agosto e setembro de 1996 en que tivo lugar o cumio europeo dos ministros de Economía en Dublín. Neste cumio estableceuse cal sería o funcionamento da moeda única e como sería a aplicación do pacto de estabilidade proposto polos alemáns para evitar derrapaxes económicas dos países da Unión Europea, para esixir firmeza e disciplina no cumprimento das esixencias económicas establecidas e para impoñer fortes sancións para os incumpridores.

⁷ N.T.: Máis de 17 millóns de parados na Unión Europea.

- 1) Foi percorrido un longo camiño na vía do saneamento das finanzas públicas, como o demostra o forte excedente primario do orzamento que supera este ano o importe de 80 billóns de liras. Debemos franquea-la última etapa que nos debe permitir, entre outras cousas, beneficiarnos dunha redución significativa dos tipos de xuros.
- 2) Non é máis ca unha perigosa ilusión imaxinar que estando fóra do euro, é dicir, rexeitando a disciplina de Maastricht, poderían preservarse os beneficios do actual estado social ou levar a cabo as políticas de crecemento baseadas no gasto público e tipos de cambio da lira.

Permanecer fóra do euro, para un país como Italia, é moi arriscado economicamente, posto que nos impediría baixa-los tipos de xuros. As finanzas públicas veríanse fortemente desequilibradas, o que esixiría unha redución de gastos aínda máis radical, e o sistema industrial correría un risco real de perder unha gran parte da súa competitividade sen que se puidese recorrer á desvalorización da moeda. A desvalorización veríase impedida por un sistema de sancións imposto polos países que adoptasen a moeda única.

Italia non debería ter ningún medo para adherirse ó pacto de estabilidade que ten como obxectivo vincula-los países do euro con determinados comportamentos "virtuosos". Unha vez realizados tódolos esforzos necesarios para responder ós parámetros do euro, a redución consecutiva dos déficit públicos veríase facilmente asegurada por unha baixada de, cando menos, dous puntos dos tipos de xuros, o que suporía unha redución do custo da débeda que hoxe esmaga as nosas finanzas públicas. Son, en efecto, os 200 billóns de liras de xuros sobre a débeda os que fan difícil o control dun déficit que se mantén en preto dos 100 billóns de liras.

Pero a exclusión de Italia do euro veríase penalizada dende o punto de vista económico e aínda xeraría máis riscos dende o punto de vista político. E isto non só para a coalición governamental actual⁸, senón para toda Italia, actualmente ameazada por unha fonda fractura do norte e do sur e sacudida por unha crise institucional que non acaba de atopa-las vías da súa solución.

Creo que Italia ten tódolos medios para alcanzar obxectivos ambiciosos. Hoxe para Italia o máis importante é supera-lo clima actual de incerteza e expectación circunspecta que bloquea as decisións dos cidadáns tanto no seu papel de investidores como de consumidores. Pensamos que non está lonxe o momento no que poidamos pechar esta páxina, coa condición de que non prevalezan os reflexos corporativistas ou as promesas demagóxicas.

Moitos cidadáns estarían incluso dispostos a aceptar un imposto excepcional sobre os seus ingresos, coa condición de que sexa temporal e equitativamente re-

⁸ N.T.: A Oliveira, coalición de forzas políticas presidida polo primeiro ministro Prodi e apoiada polo PDI e o ex-Partido Comunista Italiano, o partido máis forte de Italia. Esta coalición no Goberno decidiu impoñer un imposto para tratar que Italia cumpra os requirimentos europeos, para non verse excluída das próximas e decisivas fases.

partido, se diso resultasen unhas perspectivas claras e máis fiables cás de hoxe. Pero, sobre todo, a credibilidade do "sistema Italia", tanto preto dos seus propios cidadáns como no estranxeiro, veríase sensiblemente reforzada se o programa de privatizacións coñecese unha aceleración. *O que contribuiría de forma decisiva non só ó aumento da eficiencia senón tamén á redución das taxas de corrupción.*

E dado que a confianza é tamén un factor económico, é probable que a liberación das enerxías vitais do país permitise o despegue rápido do relanzamento económico. Como mostra o exemplo doutros países, o resultado depende, sobre todo, da boa dosificación das medidas, que deberían centrarse máis na redución dos gastos.

Non obstante, a entrada de Italia na moeda única non é vital só para nós, éo igualmente para o resto de Europa. Está claro que Francia e Alemaña desenvolveron un papel motor na construción dunha Europa nova, e é bo que o conserven. Agora ben, os outros países teñen tamén un papel importante non só dende o punto de vista político xeral do equilibrio necesario entre o norte e o sur do continente, senón tamén en tódolos aspectos máis propiamente económicos.

O vigor da industria italiana é seguramente ben coñecido, e do outro lado dos Alpes tamén. Un novo sistema económico continental non pode deixar de lado unha estratexia global de integración con esta parte moi importante do seu sistema industrial. Baixo numerosos aspectos, o noso sistema industrial é complementario do de Francia e Alemaña. Os sistemas bancarios serían máis competitivos cun grao de integración máis elevado. O mesmo sucedería coa integración de proxectos, que serviría para mellora-la produtividade das infraestruturas europeas.

Todas estas cuestións poderían dende agora estudiarse por comisións mixtas preto dos gobernos respectivos e comezando, por exemplo, polas pequenas e medianas empresas, que son o nervio da industria italiana e que están, pola contra, menos estendidas nos outros países.

Noutros termos, máis alá dos problemas de competencia comercial, non sería positivo, incluído o resto de Europa, renunciar ás sinerxias potenciais co aparato industrial italiano que, a pesar de toda a súa fragilidade, chegou a conquistar, sen embargo, unha posición de peso no ámbito internacional.

♦ *A UNIDADE POLÍTICA:* Por último, paréceme oportuno subliñar que a moeda única, con ser unha etapa importante na construción de Europa, non abonda ela soa para planta-las robustas raíces necesarias para un crecemento rápido da nova planta. Deben, polo tanto, facerse progresos substanciais na creación dunha unidade política que faga participar máis directamente ós cidadáns nas decisións do novo estado continental. Non podemos limitarnos só ós aspectos económicos e monetarios. As liberdades individuais, os dereitos das persoas e das colectividadeas deben igualmente ampliarse e harmonizarse para crear unha unión non só de intereses, senón tamén de culturas e de sentimentos que contribúen, cando menos tanto como os intereses, a cimentar los lazos entre os pobos.

AS TRES URXENCIAS DE EUROPA. O TEMPO DA CORAXE E DA COHESIÓN. ¿COMO SALVA-LO MODELO SOCIAL EUROPEO AFRONTANDO A MUNDIALIZACIÓN DA ECONOMÍA E O CHOQUE DA MOEDA ÚNICA? AS RESPOSTAS NON SE ATOPARÁN CHOROMICANDO, por Jacques Delors

A construción de Europa viuse marcada, xunto a fases de euforia e dinamismo, por crises, fases de languidez, de dúbida. ¿Estamos nunha destas fases? Os países membros da Unión non superan as súas diferencias con relación ós acontecementos exteriores, como se viu de novo ante a última intervención americana en Irak. Por outra parte, a canteira institucional da Unión patina cando doce países están chamando á súa porta. A Unión necesita fondos cambios no proceso de decisión e de acción se se quere unha grande Europa capaz de continua-la tarefa de pacificación iniciada hai 50 anos.

O proxecto mellor definido, o máis articulado, como é o caso da Unión Económica e Monetaria, suscita unha forte oposición por parte de uns e malestar no caso doutros ante os problemas e a disciplina que impón no relativo ó rigor das finanzas públicas e da estabilidade de prezos. En Francia está aberto un gran debate nacional sobre a política económica. O debate céntrase nos esforzos que hai que realizar para que Francia o 1 de xaneiro de 1999 estea a punto na cita da moeda única, ó mesmo tempo que desenvolve unha política activa contra o paro⁹.

De aí a oportunidade dunha reflexión e dun diálogo sobre o futuro de Europa que estivo durante séculos, para o peor e para o mellor, no centro da historia mundial. De aí o título elixido por cinco grandes xornais europeos co concurso da asociación de estudos e investigacións *Notre Europe*: "A urxencia europea".

Si, hai urxencia para os europeos fronte á ineluctable mundialización que nos obriga a elixir entre o progreso ou o declive. Si hai urxencia para mergullármonos nas nosas tradicións e defendermos, adaptándoo, o modelo social europeo que dende a fin da guerra lles permitiu ós países da Europa do oeste moderniza-la súa economía, multiplicar por tres o nivel de vida e promove-la solidariedade e a previsión gracias ós nosos sistemas de seguridade social.

♦ *Primeira contradicción*: O contraste entre a morosidade e a pouca fe dos cidadáns da Unión Europea e a esperanza que esta suscita entre os seus veciños. Ó leste, tódolos países que saen da noite totalitaria nos presionan para que os acollamos rapidamente, pois ven na nosa Comunidade o único cadro que pode garanti-la súa seguridade e axudarlles a adapta-lo seu sistema económico e social ás necesidades e ós desafíos do século XXI. Ó sur, arredor deste polo de civilización que é

⁹ N.T.: O paro, a fractura social, é o gran debate en Francia ó final da era socialista de Mitterrand e coa era do presidente Chirac que lanzou a prioridade de combate-la fractura social francesa, o paro, e sen embargo, nos anos que leva de presidencia coa maioría parlamentaria que o apoia resulta incapaz de reduci-lo paro, repara-la fractura pola que lle estoupan numerosos e amplos conflitos sociais. O paro en Francia supera o 10%, hai máis de tres millóns de franceses que o padecen e os novos pobres son, cada vez máis, os máis novos.

o Mediterráneo, cando os antagonismos se crispan, cóntase coa Unión Europea para atopala paz, para o intercambio e a cooperación. Si, hai unha extraordinaria "demanda de Europa". Respondemos xa con múltiples acordos, pero os nosos veciños esixennos máis e máis rápido. ¿Seremos capaces de responder ás súas aspiracións?

♦ *Segunda contradicción:* A realización da Unión Económica e Monetaria será un dos grandes feitos históricos deste século, ó mesmo tempo cá prolongación natural do proceso de integración económica. Mentres que o barco cabecea, é tempo de definir claramente en qué condicións políticas, económicas e sociais este proxecto responderá ás esperanzas postas nel. E tamén, de qué modo a súa realización cimentará a unión dos países europeos.

♦ *Terceira contradicción:* Mentres que algúns denuncian a esta Europa en vías de construción como o cabalo de Troia da mundialización, a urxencia reside en analiza-lo que nos xogamos con esta fonda mutación e en armar a Europa para que poida ser á vez potente e xenerosa. Vai nisto a súa independencia, a súa cohesión social e a súa capacidade para desempeña-lo papel que lle corresponde no mundo de mañá ó servizo da paz, da democracia e da xustiza social.

¿Somos plenamente conscientes?, ¿estamos en condicións de conseguila participación dos nosos pobos? Cando a historia é implacable cos que se abandonan e choromican, ¿estamos decididos a dar mostras da forza moral e da cohesión política que aseguraron sempre a grandeza dun destino? Ninguén dubida que este coloquio ó que invitamos a persoeiros prestixiosos e ricos en múltiples experiencias saberá fornecernos, por medio do intercambio e da disputa, as luces que necesitamos máis ca nunca¹⁰.

"A URXENCIA EUROPEA": COLOQUIO INTERNACIONAL SOBRE EUROPA. A MOEDA ÚNICA, A AMPLIACIÓN, A MUNDIALIZACIÓN, A SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL...

A prestixiosa revista francesa *Le Nouvel Observateur* fundada por Jean Daniel, que continúa dirixindo, xunto coa asociación *Notre Europe* de Jacques Delors organizaron en Estrasburgo (Francia), coa colaboración de grandes xornais e medios

¹⁰ N.T.: É rechamante que Delors e outros moitos dirixentes importantes escamoteen nas súas propostas e análises o grave problema das garantías reais do xogo democrático para defende-la competencia en igualdade de armas, para aplica-la lei por igual a todos, para evita-la cristalización de novas oligarquías, de novas *nomenklaturas*, de novas clases dirixentes arbitrarias, impunes, gozando de todo tipo de prebendas, privilexios...; de novos corporativismos. É rechamante que escamotee o gravísimo problema da corrupción, das mafias que se constitúen ó abeiro dos sistemas democráticos, da súa complexidade e grandes orzamentos públicos, da súa política de obras, de acción internacional política, económica, "benéfica"... Cando, ademais, a corrupción, o malgasto e a dilapidación instaláronse nas institucións europeas (entre outras grandes institucións internacionais), nos seus altos cargos, parlamentarios, funcionarios... que, por outra parte, xunto ós rusos, ós da ONU e ós doutras institucións internacionais son os mellores pagados do mundo e gozan de todo tipo de privilexios.

de comunicación europeos, o coloquio titulado: "*A urxencia europea*". Un encontro durante dous días no que participaron unha trintena de prestixiosos políticos e universitarios de diferentes países sobre a irrupción eminente da moeda única, a ampliación da Unión Europea a numerosos países e a ameaza que supón a mundialización da economía para o modelo social e cultural europeo.

O sentimento de urxencia remite á percepción de ameazas potenciais. As que planan sobre Europa débense ós desafíos acumulados e ós que esta se ve enfrontada actualmente. Europa debe facer fronte, antes de fin de século, a dous perigosos saltos: a ampliación de novos países e a creación da moeda única. As institucións existentes non están preparadas para encarar esta mutación, a máis importante na construción europea dende hai 40 anos. Esta mutación ten lugar no marco dunha gran transformación planetaria que deu lugar a unha verdadeira crise de recomposición dos equilibrios económicos e políticos a escala mundial, e na que Europa, como os estados que a compoñen, non acaba de atopalo seu lugar apropiado. Pois este proceso de mundialización non tolera ningún freo á concorrencia e á libre circulación de capitais. Este proceso condena, en primeiro lugar, o modelo social europeo e implica un cambio brutal na relación de forzas entre o capital e o traballo, en detrimento deste último. Por iso, diferentes sectores e grupos europeos preguntábase se este proceso de mundialización non supón no caso europeo a defensa dun modelo ultraliberal, unha zona de librecambio, unha Europa sen rostro e baleirada da súa identidade.

Nos encontros, os coloquios da "urxencia europea", tratáronse fundamentalmente os seguintes puntos:

◆ *A ampliación de Europa a 25 países e os perigos que isto encerra: ¿Pode Europa absorber rapidamente unha decena de países suplementarios? Sen unha fonda reforma das súas institucións, certamente non. Pois, do contrario, converteríase nunha zona de librecambio. Nos encontros, ninguén se atreveu a rexeita-la "demanda de Europa" proveniente de países do leste e que foi formulada por universitarios e políticos polacos como Bronislaw Geremek e Karol Modzeleswski. O presidente do Parlamento europeo, Klaus Häsch, ante a promesa do presidente Chirac ós polacos de promete-la adhesión de Polonia no ano 2000, lembrou que os que fan este tipo de promesas deberían, en consecuencia, mostrarse partidarios das reformas institucionais necesarias para admitir novos socios europeos. O ministro de Asuntos Exteriores de Francia, presente nos coloquios, Hervé de Charette, precisou que Francia propuxo unha serie de reformas á Conferencia intergubernamental que é a encargada de reformula-lo marco institucional de Europa, para ir facendo posible novas integracións. Jean François Poncet, antigo ministro de Asuntos Exteriores de Francia e partidario dunha Europa federal, expresou as súas dúbidas, pois segundo el "*moitos franceses queren unha Europa forte pero con institucións débiles*". Pola súa parte, o voceiro da CDU alemana, Karl Lamers, si-*

nalou que se se rexeita a entrada dos países do leste, a estabilidade europea veríase seriamente ameazada

No relativo ó sur de Europa, Mario Soares e, sobre todo, o presidente da autonomía catalana, Jordi Pujol, apuntaron que "*as fronteiras menos estables non son as do leste senón as do sur do Mediterráneo, que suscitan graves problemas: o subdesenvolvemento, a explosión demográfica e o aumento do fundamentalismo*". Pujol sinalou que "*Europa esqueceuse do sur*". O marroquí Driss Benhima constatou que "*ós ollos da opinión pública dos países mediterráneos, Europa presenta outra cara, a da fortaleza que se organiza contra os productos e os homes do sur, ó mesmo tempo que lles dá consellos sobre a apertura dos mercados e o respecto dos dereitos humanos. Nas negociacións comerciais, Europa preséntase como un monstro frío e intransixente que impón ós seus interlocutores do sur condicións máis duras cás que os países implicados poderían conseguir bilateralmente cos países europeos por separado*".

En calquera caso, esta realidade non impide que países mediterráneos, como lembrou o palestino Khader Bichara, pidan unha maior implicación de Europa. Este é o caso dos países árabes do Próximo Oriente e do Golfo que teñen necesidade dunha maior participación europea para escapar ó diálogo exclusivo cos EE.UU. Un dos intervenientes sinalou que "*se espera máis de Europa no exterior ca no interior das súas fronteiras*"¹¹.

¿A que se deben, xa que logo, as dúbidas dos europeos sobre o seu propio proxecto de unificación? No coloquio sinaláronse como posibles causas destes receos, as ameazas e os problemas que pesan sobre a marcha cara á moeda única europea no marco da mundialización.

♦ *Moeda única: non é á banca á quen lle corresponde gobernar Europa.* A moeda única constitúe o coroamento da construción económica de Europa. Jacques Delors e Jean Daniel lembraron que a moeda é o símbolo da soberanía, do poder político. Sen embargo, Delors preguntouse: ¿onde está en Europa o poder político que vai gozar deste atributo supremo da soberanía? ¿Imaxínanse vostedes

¹¹ N.T.: Efectivamente, Pujol e outros moitos dirixentes españois, galegos, vascos, etc. e doutros países europeos, na ideoloxía proclamada poden dar mostras de preocuparse polos dereitos humanos dos marroquís, dos turcos, etc., dos residentes en países atrasados economicamente, algúns dos cales asinaron tratados coa Unión Europea e están chamando á súa porta para entrar. Sen embargo, na práctica real, cando se ve afectada a agricultura e a pesca galegas, vascas, catalanas, andaluzas, españolas, etc., os líderes españois, cataláns, vascos, galegos, andaluces, etc., e doutros países, incluídos por suposto os que se din de esquerda nacionalista e non-nacionalista, piden man dura contra os productos deses países, contra os seus residentes, contra os seus dirixentes que tamén queren defende-la súa pesca, a súa agricultura, etc. e sacárrlle rendemento exterior. Todo o mundo quere estar en Europa para as maduras, pero cando as pintan duras, convértena no chibo expiatorio. O cal non impide pedir responsabilidades sobre a forma na que se negociou a entrada de España na Comunidade Europea, na que se defenden os intereses españois de todas e cada unha das súas partes, co fin de demostrar rigorosamente —os que fan as denuncias— se se actuou mal nas institucións europeas, se se levaron mal as diversas negociacións e se segue na mesma liña, se se fixeron/fan concesións innecesarias... ata o punto de prexudicar gravemente sectores económicos e rexións españolas.

unha Alemaña sen un Goberno fronte á potencia do Bundesbank? Facíanse estas preguntas, pois na construción europea os seus dirixentes previron a posta en marcha dun Banco Central Europeo, pero non dun Goberno europeo á súa altura capaz de definir unha política económica común. Se o que priva en Europa é a obsesión monetaria, ¿que sucederá co principio de solidariedade que é o fundamento do modelo social europeo? ¿Acaso non se sacrificou en Europa o emprego en favor da moeda?

Os expertos constatan que o paro que arrasa Europa non se xerou coa moeda única, senón con 14 moedas diferentes. Asistentes ó coloquio sinalaron, fronte a esta constatación, que os gobernos europeos rexeitaron poñer en marcha e con urxencia unha política común fronte ó paro masivo europeo. A antiga ministra de Asuntos Europeos, Elisabeth Guigou, propuxo que a política de emprego debería estar inscrita no Tratado da Unión e que se debería crear un "Comité para o emprego" en paralelo co Comité Económico e Monetario, para que a preocupación polo emprego tivese o seu lugar, ó mesmo nivel cá moeda, nas reflexións e decisións do Consello Europeo. Os gobernos francés, alemán e inglés rexeitan esta proposta. É dicir, rexeitaron as propostas sobre o emprego despois de aproba-los proxectos propostos por Delors a partir de 1993 no seu *Libro branco sobre o crecemento. A competitividade e o emprego*, e o programa de grandes traballos de infraestrutura en Europa...

Rudolf Scharping, un dos dirixentes do SPD alemán, fíxose preguntas sobre unha Europa na que só se fala de moeda e capitais, e na que se esquece o grave problema do traballo e as ameazas que pesan sobre o vínculo social, sobre a integración social. Incluso os liberais anglosaxóns están discutindo sobre a necesaria cohesión social para poder asegurar a longo prazo a capacidade competitiva do seu país. É dicir, os que en Europa se esquecen da estabilidade social e se preocupan por riba de todo da estabilidade económica e da rendibilidade do capital, poden atoparse con sorpresas desagradables, con perigosos sobresaltos. A disolución do vínculo social pode dar lugar á destrución da identidade europea e á perda dos valores fundamentais que a caracterizan: a democracia, o respecto ós dereitos humanos e a crenza na universalidade destes valores. Xurdirían no seu lugar forzas hostís á democracia, forzas que xa están actuando e que van en aumento en Europa, forzas que fomentan todo tipo de nacionalismos e xenofobias. O alcalde de Estrasburgo estima que para facer fronte a estes problemas e ameazas é preciso, ó tempo que se crea a moeda única, "*dar un salto cualitativo cara ó poder político*". A construción europea, tralo do fracaso da Comunidade Europea de Defensa en 1954, focalizouse na integración económica. Sen embargo, coa chegada da moeda única este ciclo está esgotado. A integración política debe darlle paso ó novo ciclo europeo. Fronte ó poder dun Banco Central Europeo é necesario un Goberno europeo capaz de responder por Europa en conxunto e en termos macroeconómicos, como o fai o Goberno norteamericano fronte ás turbulencias da economía interna-

cional. Delors declarou que se non se fai así: "*a moeda única podería converterse en Europa no cabalo de Troia da mundialización*".

◆ *Contra a mundialización Europa debe afirma-la súa identidade.* Anthony Giddens, catedrático do King's College de Cambridge, sinalou nos coloquios que xa non é tempo de preguntarse se é preciso adaptarse ou combata-la mundialización, pois esta está en marcha dende hai tempo e xa nos inundou. Baixo os efectos do cambio tecnolóxico, a mundialización estendeuse a tódolos campos da economía, da política, da cultura, e está modificando en profundidade a nosa vida cotiá. A mundialización aumenta as distancias sociais entre os marxinados, os vellos e novos pobres, os excluídos que van en aumento, e as clases cosmopolitas, os novos grupos dominantes e dirixentes. Di Giddens: "*os liberais son incapaces de dicirnos cómo evitar que as nosas sociedades non estoupem baixo os efectos da mundialización*"¹².

En Europa non só se produciu a fractura social, senón que esta estivo presidida da "fractura da modernización" que proclamaba ideoloxicamente "liberdade, igualdade, fraternidade", "razón, progreso, solidariedade, xustiza, afondamento da democratización..." e na práctica real xerou exclusión, racismo, xenofobia, desigualdades, violencia social e urbana, miseria, explotación de amplos países e colectivos incluída a sexual, laboral, militar, de nenos e adolescentes, corrupción, desertización das relacións humanas, sociais... Non esquezamos que fronte ós vellos ricos e vellas clases dominantes que accederon ó poder dende a súa riqueza e clase social apareceron os novos ricos que en nome da modernización, do progreso, da transformación, da Europa social e política... accederon á riqueza, convertéronse en parte das novas clases dominantes e dirixentes, accederon ó poder político, sindical, intelectual...

A. Giddens¹³ responde algunhas destas preguntas, pero non todas nin moito menos na súa obra *Más allá de la izquierda y la derecha. El futuro de las políticas radicales*. Outros representantes da esquerda, nunha liña diferente á de Giddens, pois os anglosaxóns son máis realistas, formularon, seguen formulando todo tipo de solucións, pero de forma retórica, no campo do discurso, da ideoloxía proclamada, pois "o parolar" non ten límites, o papel pode con todo. Caen no fetichismo da linguaxe, na enunciación encantadora de solucións, eslogans, receitas e fórmu-

¹² N.T.: Habería que preguntarse qué din os representantes do que se chama a esquerda "vella, nova, novísima, posmoderna, *after hours*..." que máis ca nunca están á defensiva e máxime despois do afundimento do comunismo soviético. Habería que preguntarse qué alternativas reais presentan e, sobre todo, qué experiencias contrastables poñen sobre a mesa no campo do mercado e da empresa, da produción e distribución de riqueza, no campo das novas tecnoloxías e da cultura, da nova orde política, económica, cultural... a escala nacional e internacional, no relativo á loita contra a corrupción e no relativo á moi grave degradación do xogo democrático en Europa, nas institucións internacionais como a Comunidade Europea, a ONU... Habería que preguntarse qué alternativas presentan fronte ós vellos e novos fundamentalismos, contra o paro...

¹³ Giddens, A. (1994): *Más allá de la izquierda y la derecha. El futuro de las políticas radicales*. Cátedra.

las máxicas, e cando lles chega o momento de pasar á práctica real ou ben dan gato por lebre, fan todo o contrario do que prometeron e polo que chegaron ó poder, ou ben as súas experiencias vense coroadas por dexeneracións burocráticas, represoras, autoritarias, pseudodemocráticas... nas que eles —as novas *nomenklaturas* e clases dirixentes xunto cos que os apoian...— sen embargo, sacan boas talladas materiais e inmateriais.

Giddens cre, ó mesmo tempo, que Europa non está en disposición de crear un modelo social que poida impoñerse no mundo e enfrontarse ós efectos destructores da mundialización, pois o seu desenvolvemento é irreversible. Só unha regulamentación en todo o mundo podería evitalo.

Esta análise pesimista é vivamente contestada por William Pfaff, editorialista do *The Herald Tribune*, que estima que Europa pode opoñerse á mundialización xa que esta non é un simple fenómeno económico. A mundialización constitúe especialmente para as elites americanas unha opción política e ideolóxica. ¿Acaso América non ocupa a primeira posición nesta economía mundial en vía de integración? Ó prometer un futuro esplendoroso, a mundialización aseméllase a esa outra idea milenaria que é o marxismo. Coa diferenza de que os mundialistas predicán a primacía do beneficio e a rendibilidade sobre calquera outra consideración de orde social.

Hai 20 anos organizábanse seminarios para facer vale-la idea de responsabilidade humana e social das empresas. Hoxe, na euforia mundialista, abandonouse todo freo e prudencia social. Loábase nos países en vías de desenvolvemento as virtudes da autosuficiencia e do crecemento autocentrado. Hoxe impónselles un libre cambio sen límites con efectos destructores¹⁴. A mundialización responde a unha inversión de prioridades. Pfaff propón que se manteña unha actitude crítica fronte a este fenómeno, e que no proceso mundial en curso non se vexan eliminados os imperativos sociais en beneficio dos económicos. Pfaff pregúntase: En Europa, ¿é posible?, ¿farao? Se Europa non ofrece unha resposta positiva, decenas de millóns de parados e de excluídos aumentarán, e con eles a desesperanza. A "urxencia europea" é, pois, prioritaria¹⁵.

¹⁴ N.T.: Sería necesario que se achegasen os datos que puidesen verificar estas afirmacións.

¹⁵ N.T.: O problema é que o papel, a ideoloxía proclamada poden con todo, con todo tipo de maravillosos e boísimos dexos. Sen embargo, a práctica real déixao bastante malparado, en mala situación para darlles consello a aqueles que na oposición nos 70 en Europa propuxeron grandes cambios se tomaban o poder, grandes transformacións sociais, incluso a "ruptura co capitalismo". E despois, ó acceder ó poder os socialistas en Italia, Francia, Inglaterra, Bélxica... aumentou o paro, a precariedade, a corrupción, desenvolveuse a especulación, o branqueo, todo tipo de tráfico ilegais, a cultura do *pelotazo*, a *funcionarización* e domesticaron a cultura... Iso sí, eles e os que lles rodeaban dende o poder accederon á riqueza, convertéronse nas novas clases dirixentes, na nova *nomenklatura*. E este foi o caso dos socialdemócratas-socialistas dos anos 80, pois os representantes do comunismo realmente existente afundiron os países do leste cunha xestión económica catastrófica acompañada de corrupción, represión..., que despois da perestroika deu paso en Rusia e noutros países da súa órbita a gobernos —provenientes da *nomenklatura* marxista-leninista— cos que se fixeron fortes mafias de todo tipo e moi poderosas que interveñen en importantes sectores da economía e da sociedade.

CONDICIÓN NAS QUE FRANCIA E ALEMAÑA PODEN LEVAR A BO PORTO A UNIDADE MONETARIA E POLÍTICA DE EUROPA, por Helmut Köhl

Raros son os homes políticos alemáns deste século que recoñeceron, como Konrad Adenauer, o que une a Francia e a Alemaña: "*O destino de Alemaña será o destino de Francia, e o destino de Francia será o de Alemaña*".

Tralas terribles experiencias da Segunda Guerra Mundial, que tamén causaron fondas feridas en Francia, Adenauer compartía, primeiro con Robert Schuman e despois con Charles de Gaulle, esta fe inquebrantable na comunidade de destino franco-alemana. Ela deu a estes grandes homes de estado a forza para realizar conxuntamente unha obra de reconciliación e de amizade única na historia recente de Europa e de convir unha forma excepcional entre os dous estados veciños.

O Tratado do Eliseo, asinado en 1963 por Konrad Adenauer e Charles de Gaulle, forma a base e o cadro da cooperación política entre os nosos dous países. Dende esta data, as consultas entre os nosos gobernos permitiron tecer a tódolos niveis unha rede de estreitos contactos políticos que deron os mellores resultados e que se converteron na garantía de acordos mutuos cargados de confianza e que miran ó futuro. Púidenme dar conta disto na estreita cooperación que mantiven durante pouco máis de doce anos con François Mitterrand, e que continuo, non menos estreitamente, dende maio de 1995 co presidente Chirac.

♦ *A unificación europea e a paz, liberdade, prosperidade e estabilidade social:* Pero o que une ós nosos países non é unicamente a vontade de mante-los nosos lazos de amizade e de cooperación. Pouco despois da Segunda Guerra Mundial, Alemaña e Francia mostraron que estaban decididas a poñer as súas forzas ó servizo dunha unión sen remate e máis estreita entre os pobos europeos. Deste xeito, as nosas nacións deixáronse guiar pola firme convicción común de que a paz e a liberdade, a prosperidade e a estabilidade social non poden garantirse por moito tempo se non é grazas á realización sistemática da idea da unificación europea.

Garantindo co acordo de seguridade atlántica unha época de paz ininterrompida durante cincuenta anos, o éxito do proceso de unificación europea deu argumentos e razóns ó noso compromiso. O balance da cooperación franco-alemana en favor de Europa é impresionante. Sen esta cooperación, etapas esenciais da integración europea serían impensables. Non citarei máis cá creación do Sistema Monetario Europeo en 1979, a posta en marcha da Acta Única Europea en 1986, como condición do mercado interior común, así como a iniciativa dunha unión política lanzada por Alemaña e Francia en 1990, que é a orixe do Tratado de Maastricht.

♦ *A solidariedade de Alemaña e Francia e o futuro de Europa. Principais preocupacións: a política interior e xudicial, o crime internacional, os dereitos de asilo, a emigración, a política exterior e de seguridade, unha Europa próxima ós cidadáns, a subsidiariedade...:* Esta responsabilidade europea común debe ser continuada polos

nosos dous países. Estou seguro de que os grandes desafíos e as tarefas ás que Europa se ve enfrontada, tres anos antes do novo milenio, non poderán asumirse a non ser que Alemaña e Francia sexan solidarias. É indispensable que Francia e Alemaña estean de acordo sobre o futuro rumbo de Europa se queremos establecer sobre o noso continente unha futura orde política e económica que manteña a paz e a liberdade para as vindeiras xeracións.

As conferencias intergubernamentais sobre a revisión e o desenvolvemento do Tratado de Maastricht van entrar na súa fase decisiva. Debemos dar mostras da nosa vontade para realiza-los progresos substanciais que lle permitan a Europa ir cara a adiante. Por iso, considero que é particularmente importante interesarse nos asuntos seguintes:

- 1) Se queremos responder seriamente a unha das principais preocupacións dos nosos cidadáns e dos cidadáns de Europa, debemos mellorar de maneira decisiva a cooperación no campo da política interior e xudicial. Unicamente unindo os nosos esforzos podemos enfrontarnos ó crime internacional no que as súas operacións, dende longo tempo transfronteirizas, ameazan cada vez máis a seguridade interior dos nosos países. Os nosos cidadáns esperan de nós solucións convincentes. Penso que unha delas consiste sobre todo en poñer en práctica unha *oficina europea de policía operacional*. Así mesmo, debemos definir unha política común no que concirne ó asilo e ó dereito de materia de inmigración e de visado.
- 2) Temos necesidade dunha política exterior e de seguridade común verdadeiramente digna dese nome. Europa debe falar cunha soa voz e xunta-las súas forzas de maneira eficaz se quere facer vale-lo seu peso de mellor forma no futuro. Só unha unión que saiba defender de maneira visible e convincente os seus intereses cara ó exterior será capaz de preservar-la cohesión interior necesaria. A isto engádese o desenvolvemento dunha identidade europea de seguridade e defensa, en estreita concertación co socio atlántico. Por iso, felicítome vivamente de que Francia se prepare para reintegrarse enteiramente ás estruturas atlánticas, o que representa para nós un reforzo maior da seguridade e da estabilidade.
- 3) Nós desexamos unha Unión Europea que sexa máis transparente e menos complexa para os cidadáns. É esencial que a lexitimidade das institucións europeas se basee no consentimento das cidadás e cidadáns. Para preservala, debemos vixiar que a acción política a escala europea sexa cada vez máis transparente. Isto significa que debemos asociar máis o Parlamento europeo ó proceso de unificación europea e mellora-la participación dos parlamentos nacionais nas responsabilidades da construción europea. Por outra parte, debemos vixiar que o principio de subsidiariedade sexa máis claramente tomado en conta no reparto de competencias entre as institucións comunitarias e as institucións nacionais ou rexionais, así como na aplicación do dereito comunitario.

◆ *Aproximacións diferentes...:* Alemaña e Francia están amplamente de acordo nos obxectivos da Conferencia intergubernamental. Isto non exclúe que sobre certas cuestións teñamos aproximacións diferentes ou que lles deamos unha importancia diferente. Somos igualmente conscientes de que un acordo franco-alemán non conduce necesaria e rapidamente ó resultado esperado. Francia e Alemaña, sen embargo, demostraron que están dispostas a establecer compromisos para continuar avanzando. Isto aplícaselles ás consultas actuais da conferencia intergubernamental, así como ás cuestións sensibles da política europea, como foi o caso recente da liberación dos mercados da electricidade ou dos servicios postais. Pero o que nos une por enriba de todo é saber que só unha Europa verdadeiramente unida é capaz de abordar con éxito as tarefas da construción do século XX.

◆ *A unión política. A necesaria estabilidade económica:* Para facermos isto, necesitamos da unión política e da unión económica e monetaria: sen elas a Unión Europea non sobrevivirá moito tempo. A estabilidade política e a económica están indisolublemente ligadas. Europa debe perseguir-la súa unificación en tanto que comunidade de estabilidade e de prosperidade, sobre todo despois dos cambios revolucionarios que tiveron lugar na Europa central e oriental.

A creación da Unión Económica e Monetaria (UEM) é un compoñente esencial da "casa europea". A UEM non ten sentido máis que se Francia e Alemaña participan dende o comezo. Este é o noso obxectivo común.

Nós avogamos unanimemente para que a unión monetaria europea comece o primeiro de xaneiro de 1999, como está previsto no Tratado; a data e o respecto ó longo prazo dos criterios de converxencia forman un todo indisoluble.

Nós desexamos conxuntamente que o euro sexa estable. Así, tódalas proposicións que vaian no sentido dunha flexibilización dos criterios ou dunha desvalorización no seo do Sistema Monetario Europeo (SME) serán prexudiciais á causa común.

◆ *A ampliación da Unión Europea. A Unión Europea a diferentes velocidades:* Na perspectiva da próxima ampliación da Unión Europea, é capital garantir igualmente no futuro o dinamismo do proceso de integración europea. Por iso, o presidente Jacques Chirac e eu mesmo propuxemos este último ano que para algunhas etapas de integración os socios poidan, baixo reserva de preservar-las conquistas comunitarias, colle-la dianteira e desenvolver unha cooperación reforzada aberta ós outros estados membros. Felicítome porque a nosa idea, entrementes, foi acollida favorablemente pola maior parte dos socios europeos.

◆ *Non hai alternativa responsable á Europa unida. De Gaulle tiña razón cando propoñía en 1949 a construción dunha Europa política baseada nun acordo entre Alemaña e Francia:* Estando fundamente convencido de que non existe alternativa responsable á Europa unida, Alemaña e Francia seguirán sendo os promotores do

proceso de unificación europea. O acto de fe que Charles de Gaulle pronunciou en 1949 con relación ós acordos franco-alemáns para Europa, segue sendo válido. De Gaulle declaraba, entre outras cousas, o seguinte: "*Sempre dixen, sempre crin que era necesario construír Europa, que era necesario construíla progresivamente na súa economía, na súa cultura, máis tarde na súa defensa e, incluso, un día, na súa política. Sempre dixen, sempre crin que a base de Europa residía nun acordo directo entre o pobo francés e o pobo alemán*". Estou persuadido de que Alemaña e Francia asumirán no futuro as súas responsabilidades comúns con relación a Europa.

CONSTRUIR EUROPA DE FORMA REALISTA, FLEXIBLE..., por John Major

Os días 7 e 8 de novembro de 1996, o presidente Chirac, Alain Juppé e eu mesmo reunímonos en Burdeos no noso tradicional cumio. Burdeos ocupa un lugar particular no corazón dos británicos, logo dalgúns episodios do século XII. Son numerosos os que posúen unha casa nesta zona e atópanse entre os máis ferventes partidarios dos seus viños.

É a segunda vez que me vexo co presidente Chirac e sinto un gran pracer nos nosos encontros, que son cordiais e francos na forma que temos de ir directamente ó gran dos asuntos que hai que tratar. Este ano a nosa axenda ocúpase da conferencia intergubernamental europea e da súa inminente ampliación¹⁶.

Sobre a unión monetaria, está chegando a hora das decisións, decisións que serán de peso e de gran repercusión tanto políticas como económicas para o funcionamento de Europa.

Persoalmente, concédolles unha grande importancia ás nosas relacións bilaterais. Cooperar con Francia supón tamén construír Europa, para a que desexamos que poida chegar a bo porto, unha Europa na que os nosos pobos se sintan na súa casa. E cando falo de Europa fágoo no sentido amplo e non reducido unicamente ós documentos de Bruxelas.

♦ *Contra a Europa dos burócratas*: Fánselle moitos reproches á Gran Bretaña en Europa e, precisamente, sobre Europa. Trátase dun mal proceso contra nós. Eu son un británico convencido, como a maioría dos meus compatriotas, de que o lugar de Gran Bretaña está en Europa. Pero non cegamente. O que nós queremos é unha Europa que marche, unha Europa máis rica, máis civilizada, onde se poida vivir mellor. Unha Europa que lle axude á xente a atopar traballo en lugar de poñerlle pexas nas rodas¹⁷. Unha Europa na que os novos poidan acudir libremente a face-los seus estudos, montar un negocio e establecerse nos países da súa elección. Unha Europa que

¹⁶ N.T.: Inminente é o que di Major, pois os ingleses están pola ampliación da Unión europea a outros países, pola defensa da soberanía nacional fronte á europea e en contra clara dunha Europa federal...

¹⁷ N.T.: Major critica un dos puntos máis fracos dos proeuropeos: Alemaña, España, Italia..., incluso Francia, que son tamén os que teñen as maiores taxas de paro, paro xuvenil, e os que defenden grandes burocracias europeas, institucionais...

xogue a favor dos cidadáns e non dos burócratas. Creo que Francia e Gran Bretaña teñen para Europa o mesmo deseño. A introspección de Europa, pechase sobre si mesma non lle vale para nada. Europa debe afirma-la súa autoridade na escena internacional. Europa ten ideais que proxectar fóra das súas fronteiras, compromisos internacionais que honrar, unha competencia internacional que afrontar. Ten tamén unha diversidade que reivindicar con orgullo.

O esencial da nosa relación bilateral serve tamén para edificar Europa. Loitar conxuntamente contra o crime, intensifica-las redes de transporte entre os nosos dous países e intervir conxuntamente en Bosnia estou certo de que para os nosos cidadáns tamén é "facer Europa".

♦ *A defensa europea: "Un non pode ir sen freo cando a penas si se ten en pé"*: A defensa, na óptica europea, será o prato forte do cumio. Neste dominio, a progresión da nosa cooperación notouse máis sensiblemente. Gran Bretaña fixo corpo común con Francia en 1995, cando o presidente Chirac decidiu retoma-los ensaios nucleares. Declaramos sen ambages que non viamos situación tal na que os intereses vitais dun país poidan estar ameazados sen que o estean tamén os do outro.

As armas dos nosos países manteñen estreitos lazos. En Bosnia ofrecémo-lo maior dos esforzos europeos. Soldados británicos serviron baixo mando francés e viceversa. Este ano, débense estreita-las relacións das nosas mariñas logo de asinarse un acordo a bordo de dous navíos de guerra. Temos un abano cada vez maior de programas de novas colaboracións entre as nosas industrias de defensa. Pero os grandes documentos de defensa superan as nosas relacións bilaterais. Despois de intensas consultas franco-británicas, o Consello do Atlántico Norte decidiu, en xuño, en Berlín, facer da alianza o crisol da identidade europea de defensa. Francia e Gran Bretaña empéñanse ante o Consello do Atlántico Norte e no cumio da OTAN en darlle corpo a esta decisión.

A arquitectura retida para facer da identidade europea de defensa unha realidade non é anódina. Eu non lle recoñezo á Unión Europea, no seu estado actual, calidade, aptitude para asumir responsabilidades en materia de defensa. Europa debe, certamente, reorganiza-las súas capacidades. Pero o único marco na que pode verdadeiramente efectuar esta reorganización é na UEO e, en último termo, na OTAN. A única vía de futuro, no relativo á Europa da defensa, consiste en poñer-lo acento no concreto para dotarse, como en Bosnia, de verdadeiros medios de acción.

A seguridade dos nosos países non se limita, sen embargo, á defensa. O presidente da República francesa e mais eu abordaremos tamén a loita contra a droga e contra o terrorismo, que supoñen unha ameaza tanxible actualmente para as nosas sociedades. Quero que poidamos xuntar mellor os nosos esforzos. Sabemos por experiencia que podemos facer fronte a estas ameazas, mellor xuntos ca illados. Varias destas cuestións estudíaranse na conferencia intergubernamental e trasladáranse ó Consello Europeo de Dublín. Francia e Gran Bretaña teñen, en conxunto, moitas similitudes nos seus puntos de vista e dedícanse a desenvolver espazos de acordo.

Teñen, por exemplo, concepcións moi próximas da tarefa que hai que facer para levar a cabo a política exterior e de seguridade común, o que demandan con tódalas súas forzas. Francia —gran nación europea— considera xusto ter un papel que desenvolver en certas crises internacionais, nas que os europeos non entran todos en escena. Gran Bretaña tamén. No Medio Oriente, por exemplo, Francia ten o seu papel que desenvolver; Gran Bretaña, o seu; e os quince o seu. Un papel non exclúe o outro, ó contrario, pois a acción de Francia, como a de Gran Bretaña, incríbese na panoplia de medios despregados globalmente por Europa.

Mostrandónos flexibles e realistas é como asegurarmos-la autoridade de Europa na escea internacional, e non baseándonos en textos por puro formalismo. Non se avanza a rienda solta cando un á penas pode terse sobre as pernas.

♦ *A flexibilidade da Unión, as precaucións necesarias para a posta en práctica do euro, do seu posible fracaso...*: Un dos grandes asuntos da conferencia intergobernamental será, polo tanto e na miña opinión, introduci-la flexibilidade no funcionamento da Unión. Hai moito tempo que me fixen o seu apóstolo. Canto máis avance máis serán os que nos poñamos de acordo nalgúñas cuestións para avanzar máis rápido e máis lonxe; outros non. Con todo, non será fácil organizar esta marcha da Unión no respecto ós intereses de tódolos estados membros, sobre todo unha vez que a Unión se amplíe. A fórmula que hai que adoptar, neste sentido, é un dos asuntos que máis me preocupan e sobre o que tratarei con Chirac.

O cumio servirá tamén para abordar polo miúdo a Unión Económica e Monetaria. A posición de Gran Bretaña é coñecida: nós non pechamos ningunha porta. Nós sinxelamente queremos —é o mínimo que pedimos— que as condicións económicas sexan propicias e que tódalas consecuencias deste cambio de arriba a abaixo, deste cambio potencial, sexan tidas en conta. ¿Tivéronse en conta as consecuencias devastadoras que tería a posta en funcionamento da UEM se a moeda única vise a luz e se saldase cun fracaso? Non se pode excluír esta hipótese.

Os nosos dous países están sometidos a unha disciplina rigorosa para sanea-las nosas economías. Os resultados en Gran Bretaña están á vista: a inflación está controlada e o paro descendeu ó 7,4% da poboación activa. Pero aínda é demasiado, e o paro é o problema maior da Unión Europea.

♦ *A Unión e o emprego...*: Levar a cabo as condicións propicias para o emprego é unha das competencias primeiras dos estados. Ademais, non se lle pode facer crer a ninguén que abonda, para crear empregos, con fixalos no texto do Tratado. É a actividade quen os crea. Non obstante, a Unión ten o seu gran de area que contribuír e Gran Bretaña e Francia queren ámbalas dúas facer da batalla polo emprego a prioridade número un da acción europea. É preciso gañar en competitividade e produtividade. Debemos uni-las nosas forzas para levar a cabo as condicións necesarias para esta reconquista do emprego en Europa. Debemos de gardarnos da posibilidade de cortar de raíz os novos depósitos de emprego, co pretexto de protexe-los activos

existentes. Iso suporía ceder ó fácil. Nós vivimos esta dura experiencia en Gran Bretaña. Esta é unha mensaxe que tratarei de levar, de facer pasar no Consello Europeo de Dublín e máis alá.

Dito isto, os cambios entre os nosos países son florecentes. Francia é o segundo país en exportacións a Gran Bretaña. Os investimentos en ámbolos dous sentidos alcanzaron porcentaxes sen precedentes. A Compañía Xeral de Augas é hoxe a concesionaria de dúas das oito redes de ferrocarril postsas en marcha pola British Rail. British Telecom acaba de selar unha alianza para implantarse no mercado francés. O intercambio de turistas e homes de negocio dunha parte e doutra, coa axuda do Eurotunel, non fai máis ca amplificarse.

O campo das actividades nos que se atopan os nosos cidadáns cos seus veciños, actividades estratéxicas no campo económico, social e político, amplíase día a día. Esta interpenetración crecente é fonte de enriquecemento mutuo. Velaquí tamén o fertilizante de Europa.

DÚAS VERSIÓNS DO "PENSAMENTO ÚNICO", por Denis MacShane¹⁸

O pensamento único é, sen ningunha dúbida, unha nova teoría política inventada por Francia. En París, todo o mundo fala disto e todo o mundo cre sabe-lo que significa. Traducir estes conceptos a outras linguas suscita problemas. Tratei de facelo: "Das einmalige Denken" ou "The Unique Thought" soan raro. En inglés, pódese ter un pensamento único pero somos demasiado modestos para falarmos do pensamento único.

Pero este concepto suscita un problema moito máis serio có da tradución. En efecto, o mundo moderno esta enfrontado a dous "pensamentos únicos" e non a un só: unha das correntes nos EE.UU. e a outra en Europa. Comparten ámbalas dúas algúns puntos comúns como a supremacía do diñeiro, a busca do beneficio, a vontade de manter unha débil inflación acompañada de tipos de xuros estables e de finanzas públicas ben equilibradas. Sen embargo, ámbolos dous pensamentos diverxen.

A fin da guerra fría abriu a vía para unha nova rivalidade entre diferentes formas de capitalismo. O pensamento único americano fúndase na atomización social cara ó interior e sobre o imperialismo económico cara ó exterior. É verdade que o nivel de paro é máis débil nos EE.UU. ca en Francia pero, como contrapartida, o traballo perdeu o seu valor económico e social posto que os salarios se reduciron ó mínimo e os sindicatos desapareceron como intermediarios.

As actividades delictivas e criminais ocuparon o lugar deixado pola ausencia de traballo dotado dun real contido socioeconómico. Nos EE.UU., as taxas de criminalidade alcanzan niveis desproporcionados con relación ós outros países desenvolvidos. Un millón de persoas están en prisión, 500.000 nenos prostitúense. O debate político redúcese a un espectáculo e, nos corredores, son os grandes intereses financeiros e as multinacionais quen moven os fíos e dictan a política económica e comercial.

¹⁸ Deputado laboralista británico.

A esta visión do pensamento único oponse a que se coñece en Europa e que é considerada, do outro lado do Atlántico, como o inimigo por bater. A construción de Europa está baseada no mercado único e nos imperativos sociais e económicos contidos no Tratado de Maastricht. Os gobernos conservadores británicos, baixo o bastón da señora Thatcher e do señor Major, trataron de aliar a Londres coa visión dos presidentes Reagan e Bush. Actuando como vendedores, propagadores do pensamento único americano, os conservadores ingleses trataron de desestabiliza-la construción europea e opóñense á carta social e á Unión Económica e Monetaria. Margaret Thatcher, en particular, opúxose visceralmente á unificación de Alemaña, pois sabía que só unha grande Europa, que non se limitase a unha simple zona de librecambio, estaría en condición de controlar unha Alemaña cada vez máis dominante en Europa. John Major exhorta frecuentemente a Francia e ós outros países europeos a segui-lo exemplo británico de desvaloriza-la súa moeda e reduci-los salarios. Con esta política, Gran Bretaña rexistrou unha baixada do paro, anque os estatísticos sinalan que, ademais dos dous millóns de parados oficiais, hai outros tantos traballadores potenciais que deixaron de buscar traballo e que non se benefician de ningunha axuda.

Gran Bretaña atópase na 11ª posición en Europa no ingreso por cabeza. Dende 1980, pasou da 13ª á 18ª posición na clasificación mundial dos países en función da súa riqueza. Se Francia e as outras nacións desexan imita-lo exemplo británico e aplicar unha política económica baseada no pensamento único americano, non teñen máis ca desvalorizar, reduci-lo poder de compra dos seus traballadores e rexeita-la asunción de responsabilidades comúns para a construción europea.

Os únicos ganadores desta política atoparíanse en Nova York e Washington. Non crerían o que ían ver: que os europeos decidisen non desenvolver no sucesivo o seu pensamento único —coa súa complexa mestura de disciplina económica, protección social, apoio á familia e ás colectividades, e de democracia política— para deixar libre o paso ós egoísmos dos nacionalistas de dereita e de esquerda.

Se Europa non é algo máis ca un agrupamento de estados pequenos e grandes, cada un baténdose polo seu propio mundo, tendo o seu propio mercado, as súas propias regras sociais e ecolóxicas, as súas propias relacións bilaterais diplomáticas e de defensa, o pensamento único á americana terá triunfado, e os enterradores de Maastricht poderán poñer unha cruz ás súas esperanzas¹⁹.

¹⁹ N.T.: Ó contrario do que di este parlamentario laborista, houbo outros pensamentos únicos. Algúns de dereita e de esquerda que fracasaron polo seu totalitarismo: o estalinista en diferentes versións (algunhas aínda vixentes) e o nazi, o fascista, ultradereitista tamén con diferentes versións, algunhas das cales, como a racista, xenófoba, a revisionista, a negacionista... vixentes aínda na actualidade con novas caras, con novos envoltorios. Convén sinalar que a esquerda europea, da que formaba parte un importante sector do laborismo e do sindicalismo inglés de clase, chegou ó poder en Europa para "romper co capitalismo". E, unha vez neste, na práctica real fixo o contrario do que proclamou ideoloxicamente. Incluso, coa súa chegada ó poder, a cultura do *pelotazo*, do *yuppismo*, da esquerda de golf e caviar, da corrupción a tódolos niveis, do tráfico de influencias, das mafias e da guerra sucia montada dende o estado, do enriquecemento das novas *nomenklaturas* no poder e dos seus socios, aliados, familias, circuitos...; a cultura da política oligárquica e da apropiación do público, do malgasto e dilapidación galopantes dos fondos públicos por medio dos partidos e sindicatos (sen esquecer bastantes grupos empresariais, profesionais e corporativos que, proclamando a necesaria liberdade de empresa e de mercado, se beneficiaban e sacaban/sacan do estado importantes tallas), alcanzou un amplo desenvolvemento.

Comentario ás reflexións do deputado laboralista inglés

A esquerda europea pasou de propoñe-la ruptura co capitalismo, o cambio revolucionario por vías pacíficas, democráticas, reformistas... que acabasen coas clases sociais, coas relacións sociais alienantes de acumulación, explotación e dominación nacional e internacional (que figuraban en numerosos programas e carnés dos partidos de esquerda europeos) a xestionalo. Habería que analizar rigorosamente en qué medida a *fractura da modernización* deu paso a novos fanatismos, fundamentalismos, fascismos, integristas...

Hai autores recentes, como o alto funcionario francés, gran empresario, conselleiro de Política Monetaria do Banco de Francia, Michel Albert, que no seu libro, publicado na editorial Paidós no ano 1992, *Capitalismo contra capitalismo*, sinalou que unha vez que se acabou o soño comunista-socialista de clase contra clase, a disxuntiva que se estableceu prodúcese entre dous tipos de capitalismo: o renano —representado por Alemaña e polo Xapón, que está baseado na produción industrial, no beneficio a máis longo prazo mediante o aforro, o traballo productivo, etc.— e outro, o anglosaxón —o turbocapitalismo representado polos EE.UU. e Inglaterra, baseado na especulación financeira, no beneficio a moito máis curto prazo—. O presidente Morita de Sony insistiría nesta mesma liña cunha obra que publicou e defendeu nas súas declaracións: un capitalismo que produza bens, enxeños, etc., que axude a vivir mellor, en lugar dun capitalismo baseado no xogo do diñeiro, na economía de casino...

O deputado británico esquécese do bloqueo no que o seu partido situou a unha Inglaterra sempre capitalista e con políticas capitalistas. Esquécese que co seu partido no Goberno durante moitos anos e contando, ademais, co apoio das Trade Unions, non só non levou a cabo a ruptura co capitalismo, senón que, en moitos puntos, aliñouse cos EE.UU. Practicou un capitalismo con grandes problemas e rixideces que foi perdendo terreo a marchas forzadas a medida que perdía o imperio e que os competidores lle facían efecto; un capitalismo corporatista, cun grande xigantismo nun sector público burocratizado e cun poder omnímodo e bloqueador do sindicato en múltiples ámbitos, incluído o gubernamental, parlamentario... Todo isto, xunto a outros factores, púxolle en bandexa o triunfo á "revolución conservadora" da señora Thatcher e mantívola no poder durante moitos anos. Na actualidade, o líder laborista Tony Blair trata de desprazalos conservadores cun cambio radical do que viña sendo a política laborista. Blair centrou completamente o seu partido e o seu programa ata extremos que hai moi pouco eran impensables no laborismo inglés.

Por outra parte, os maniqueísmos excluíntes, estereotipados, ideolóxicos... non son moi aconsellables nin para o pensamento, nin para a política, nin moito menos para a socioeconomía. A realidade, incluída a política, económica, empresarial, cultural..., mesmo a científica, amósase de múltiples e diversas formas, contradictorias, complexas, descontinuas...

Na actualidade hai países, como Chile, que aplicando unha política das chamadas liberais conseguiu resultados económicos moi positivos e moi superiores ós dos seus

veciños, ós doutros países teoricamente máis ricos e poderosos. O cal non quere dicir, nin moito menos, que non haxa en Chile graves desigualdades, problemas de explotación, exclusión, alienación, unha pesada e vergoñosa herdanza da sanguinaria dictadura pinochetista, onde se desenvolven novas formas de suxeición, dominación... Pero iso non pode nin debe impedir que se faga unha análise detallada, ampla, empírica, rigorosa e crítica da súa realidade, como da do resto dos países de América latina, de Asia, de África, dos EE.UU. e de Europa. Unha análise que fuxa do simplismo, dos tópicos e lugares comúns, do etiquetado ideolóxico, das receitas salvadoras, das vellas e novas formas do panfleto teórico-político-culturalista, pero tamén da tecnocracia interesada, do cientificismo oportunista, do economicismo descarnado, insolidario, inhumano...

Xorden fundamentalismos, pensamentos únicos onde menos se espera e que, no nome do que sexa necesario, agárranse ó dogma (vello, novo, posmoderno...), auto-proclámanse como os "bos de verdade da boa: a verdadeira, a nosa...", os "progresistas que ofrecen as novas luces, o novo humanismo e progreso, a verdadeira e única política salvadora, a nosa..."

EUROPA ATÓPASE EN MALA POSICIÓN PARA COMPETIR INTERNACIONALMENTE. Entrevista con Michel David-Weill²⁰

P.- *Francia e Europa, en xeral, dan a impresión de instalarse na crise, mentres que, segundo o último informe do Fondo Monetario Internacional, o resto do mundo mostra un balance case eufórico. ¿Como explica vostede esta diverxencia?*

R.- Europa non tomou conciencia das posibilidades ofrecidas polos novos datos económicos mundiais. En lugar de acollerse ás posibilidades abertas pola mundialización, o retroceso da inflación e os formidables progresos tecnolóxicos, a súa opinión política e incluso unha parte da súa clase política preferiron manterse nun mundo separado. Un mundo que se dopaba coa inflación. Un mundo regulamentario. Un mundo no que se podía vivir ó abeiro das situacións adquiridas. Chegou o momento de que Europa, e Francia en particular, deixen de equivocarse de xeración e incluso de século.

P.- *¿Que lle reprocha vostede a Europa? ¿Non unir se ó liberalismo que triunfa nos países anglosaxóns?*

R.- Non expreso un xuízo de valor moral ou social, nin defendo un punto de vista político. Sinxelamente, fago a constatación que imponen os feitos. Para tratar de protexer-la súa poboación dos efectos da crise estrutural que sacudiu a tódolos países industriais, Europa, agás Gran Bretaña, multiplicou as medidas cuns custos que hoxe afofan a súa economía. Isto parte dunha intención loable. Pero o resultado é un número máximo de parados e un desalento xeneralizado. Eu estou pola solidariedade.

²⁰ Patrón, principal accionista do Banco Lazard-Frères. O señor David-Weill é un dos banqueiros máis importantes do mundo. Este banco está instalado en Londres, París e Nova York. Aconsella os gobernos, orienta as estratexias das maiores empresas do mundo, administra grandes patrimonios e actúa nos mercados financeiros.

Cando o prezo que hai que pagar mete a un país na crise, é preciso facerse preguntas. Francia non ten, actualmente, máis ca un só problema: as súas cargas fiscais e sociais que a paralizan. Sen embargo, ata hai moi pouco o reflexo era de agravalas. Como se esperase curar o enfermo cun tratamento que amplifica o mal. No mundo de hoxe, cada vez que se protexe artificialmente un emprego, adquirese o risco de desanima-la creación doutros, noutras partes.

P.- *Vostede afirma que o crecemento está ligado ó nivel das cargas fiscais. Sen embargo, durante decenios, a redistribución foi un factor de crecemento. Os social-democrátas tiveron en conta as leccións de Keynes.*

R.- Cambiamos de época. As actividades existentes van ofrecer cada vez menos empregos. É unha certeza que se verifica tódolos días. Por outra parte, estamos vivindo unha revolución tecnolóxica. ¿Por que hoxe, no mundo enteiro, se constata unha correlación entre o nivel de cargas fiscais e o crecemento, entre o crecemento e o número de empresarios, entre o número de empresarios e a flexibilidade das regulamentacións? Sinxelamente, porque nun período económico como o que nós vivimos, o crecemento e, polo tanto, o emprego non pode provir máis ca da creación de empresas. Para que estas vexan a luz, é necesario diñeiro e homes. Se vostede recupera tódalas riquezas por medio da fiscalización, está secando, erosionando os capitais e desalentando ós emprendedores.

P.- *Pero en Francia, dende hai dez anos, están baixando as cargas das empresas, sen efecto sobre o emprego.*

R.- Non se trata diso. Son os impostos das persoas privadas o que é preciso reducir. América atopou o camiño do crecemento o día en que Reagan decidiu devolvérlle-lo seu diñeiro ós cidadáns. Os americanos puideron investir coa esperanza de facer fortuna. A perspectiva de poder gardar unha gran parte do que se gana fixo nacer nos EE.UU. unha nova clase de empresarios. Son estes os que ofrecen empregos. ¿Como quere vostede que un rapaz pase as de Caín para crea-la súa empresa se non ten esperanza de facer fortuna, de saír adiante?

Poderíase establece-la seguinte lei económica: canto máis débiles son as cargas, máis se acelera o crecemento. Cunha fiscalización que supera o 50% dos ingresos máis elevados, a actividade ten que estancarse. Se se baixa a presión fiscal a menos do 40% (o que implica, evidentemente, unha redución da protección social) e ganáranse dous ou tres puntos de crecemento. Para conseguir taxas máis elevadas é preciso baixa-los impostos por debaixo do 30%. Esta lei (podo asegurarllo eu, que vivo en diferentes países) acéptase en tódalas partes: en Asia, en América, en Europa do leste. Non é cóntestada máis ca en Francia, España, Italia e Alemaña. Pero, incluso, decisións recentes mostran que isto está cambiando. En canto a Gran Bretaña, que leva varios corpos por diante sobre os seus socios europeos, coñece actualmente unha reindustrialización espectacular e unha forte baixada do paro.

P.- *¿Quere dicirnos vostede que non hai crecemento sen unha forte desregulamentación?*

R.- Dígolle que se vostede aplica nunha provincia francesa a mesma fiscalización, a mesma regulamentación cá de Hongkong ou a de Singapur conseguirá o mesmo crecemento ca nestas rexións. Non digo que haxa que facer isto. Todo depende do crecemento que se queira²¹.

P.- *Tense a impresión de que vostede está describindo a fin do século XIX, cando se vivía o momento da acumulación de grandes capitais para crear grandes empresas nadas da revolución industrial.*

R.- A nosa época ten moitos puntos en común coa fin do século último. Dito isto, ningunha verdade é eterna: os principios económicos que acabo de lembrar non serán tal vez verdadeiros dentro de dez ou vinte anos. En calquera caso, o que digo é que se se acumulan suficientes riquezas se pode levar a cabo unha maior redistribución. Mire o caso dos EE.UU.: as últimas estatísticas mostran unha regresión da pobreza. Diferentes estudos mostran igualmente que os novos empregos están, na súa maioría, remunerados por enriba da media. A esperanza é a de ter máis protección social. Pero se esta mata o dinamismo social, todo o mundo sae perdendo.

P.- *¿Como quere convencer vostede a unha poboación, que conta xa con máis do 12% de parados, de que a solución vén dunha agravación da súa sorte?*

R.- Nos EE.UU. tamén houbo moito paro, moito sufrimento, despedimentos, quebras. Os bos espíritos predicían daquela unha baixada irreversible do poder de compra e unha agravación do paro. Nos países excomunistas, igualmente, a transición á economía de mercado foi dunha dureza increíble. Non estou dicindo que vivamos nun mundo ideal. Lonxe diso. Pero, en definitiva, estas sociedades non quebraron: xeraron esperanzas, crecemento.

P.- *¿Pensa vostede que se xera esperanza cando, como Clinton, se pon en cuestión o sistema de "welfare" (benestar) nun país que conta con máis de 35 millóns de persoas por debaixo do limiar da pobreza?*

R.- Estes 35 millóns dos que vostede fala son a proba de que o sistema actual de "welfare" non fai retrocede-la miseria: o que fai é mantela. É preciso, por iso, atopar outra cousa, poñer a punto novas medidas e mellor adaptadas para conseguí-los obxectivos. Actualmente, a redución das desigualdades pasa, sen dúbida, máis por un esforzo de educación ca pola distribución, de subsidios de todo tipo e variedade. A reforma do "welfare" nos EE.UU. non foi comprendida en Europa. Interpretase de maneira ideolóxica, cando é fundamentalmente pragmática, como o demostra a fa-

²¹ *N.T.:* No Xapón, que foi o primeiro tigre asiático que alcanzou altas cotas de crecemento e que o converteu nun modelo para estudar, visitar..., ó que seguiron os outros tigres asiáticos; no Xapón, dicimos, xurdiu unha nova enfermidade profesional, laboral, denominada "karoshi" e que produciu numerosas mortes e invalideces permanentes debido ó exceso de traballo, ós fortes ritmos laborais, que tamén aplican á educación dende as idades máis temperás (detectáronse significativos suicidios de nenos e adolescentes). En Singapur e noutros tigres asiáticos, o cidadán convértese nun súbdito sen dereitos, sometido a fortes ritmos de traballo, a poderes duros, a *nomenklaturas* moi autoritarias (e en bastantes casos corruptas, como no Xapón), que impoñen a súa lei de forma implacable, incluso con castigos físicos (lategazos en público, etc.) e unhas condicións de vida e de traballo difíceis e, sobre todo, moi inhumanas; condicións que impoñen un consumismo galopante, un ocio e cultura do lixo, uniformistas, completamente mercantilistas, degradantes, alienantes...

mosa frase de Clinton cando foi investido como candidato demócrata: "O 'welfare' debe ter unha segunda oportunidade, pero non debe converterse nun modo de vida".

P.- *O que se denomina "modelo social europeo", ¿parécelle a vostede incompatible coas limitacións, coas obrigas que impón a mundialización?*

R.- No estado actual do modelo social europeo, responderíalle seguramente que si. Pero non é necesario incriminar á mundialización. Logo de lamentármolos da miseria do mundo, non imos agora lamentarnos de que centenas e centenas de millóns de xentes accedan ó desenvolvemento. O que está en cuestión é menos a competencia levada a cabo por países con baixos salarios, e moito máis a capacidade dos países industrializados para crear novas riquezas.

P.- *Volvamos a un problema máis conxuntural: a diferencia dos EE.UU., que baixaron os seus tipos de xuros para saír da crise, algúns países europeos, comezando por Francia, impuxéronse, na perspectiva da moeda única, unha política monetaria de ferro que corre o risco de agrava-la crise.*

R.- Esta non é a miña análise, en absoluto. A batalla contra o franco non é máis ca un pretexto, unha coartada. Por outra parte, actualmente este argumento cae por si mesmo, pois as taxas de xuros nunca estiveron tan baixas. Francia, como Europa, non arranxará os seus problemas mediante manipulacións monetarias. A desvalorización da lira deulle a Italia un pouco de osíxeno, pero non resolveu nada en canto ó fondo. Non é o debilitamento da libra o que sacou a Gran Bretaña do apuro, senón as súas reformas estruturais. Dáselles demasiada importancia ós tipos de xuros: a creación de riquezas non se fai con prestamos. Faise con capital; con capital privado.

P.- *A creación do euro para o 1 de xaneiro de 1999 parece na actualidade decidida. ¿Pensa vostede que esta moeda única lle permitirá a Europa protexerse contra as fluctuacións do dólar?*

R.- A cuestión non se formula nestes termos. O privilexio dunha gran moeda é o poder facerlles fronte ós problemas, ás obrigas internacionais. O presidente do FED americano, contrariamente ó que se pensa en Europa, non se pregunta tódalas mañás se debe baixar ou aumenta-lo dólar con relación ó marco ou ó ien. Administra unicamente o dólar en función dos intereses propios da economía americana. Estou convencido de que mañá o euro terá a mesma capacidade.

P.- *¿Unírase Gran Bretaña á zona euro?*

R.- Penso que os británicos non estarán na cita de 1999. Por unha sinxela razón: nunca creron no paso á moeda única e, ademais, non están preparados. Dito isto, eu penso que acabarán vinculándose á zona euro. Aínda que só sexa porque a existencia do euro facilitará increíblemente a vida das empresas. Non obstante, eles tomarán o seu tempo.

P.- *¿Ten vostede o sentimento de que se poida abrir actualmente unha separación entre os Estados Unidos e Europa?*

R.- Indiscutiblemente, si. Hai dez anos, as dúas zonas coñecían crecementos máis ou menos comparables. Hoxe, a distancia, a separación non cesa de aumentar ata o

punto de facerse considerable, e isto esencialmente porque Europa sufriu un grande atraso nas novas tecnoloxías²², que son as que darán lugar á riqueza no século XXI. Pero nada lle impide a Europa recuperarse deste atraso. Só sería necesario que crease as condicións para que esta intelixencia, este "*savoir-faire*" se traduza en creación de empresas. A clase política europea, tanto da dereita como da esquerda, ten dificultades para comprender que de agora en adiante o futuro depende dos esforzos individuais e non do estado.

É PRECISO IMAXINAR UN MECANISMO APROPIADO DE DIÁLOGO ENTRE OS GOBERNOS E O BANCO CENTRAL EUROPEO. Entrevista con Alexandre Lamfalussy²³

P.- *Giscard d'Estaing lanzou en Francia un debate sobre as paridades entre o franco e o marco, entre o euro e o dólar²⁴. ¿Que opina vostede deste debate, enténdeo?*

R.- No seo de Europa temos unha situación excepcional. As paridades en conxunto —non só entre o franco e o marco— parécenme correctas. En canto ó franco, con calquera dos índices que se tomen, o seu tipo de cambio bilateral con relación ó marco ou o tipo efectivo real con relación ó conxunto das moedas, obsérvase dende hai anos unha estabilidade moi grande. Pódese, incluso, percibir unha certa mellora da competitividade do país. Non vexo, en realidade, a existencia de ningún problema neste sentido.

P.- *¿Quen fixará definitivamente as paridades?*

R.- A decisión depende dos gobernos. O tratado prevé que os tipos sexan conxelados o 1 de xaneiro de 1999. A cuestión é saber en qué medida convén ou non que os xefes de estado e de goberno, no momento de designalos países que cumpran os requisitos, anuncien os tipos de conversión, o seu método de cálculo, para eliminar calquera dúbida durante este delicado período.

²² N.T.: O presidente da grande empresa americana IBM, nunha entrevista publicada por *Actualidad Económica* (o 9 de decembro de 1996), facía a mesma constatación do atraso tecnolóxico de Europa con relación ós EE.UU. e ó Xapón. A revista achegaba estatísticas a este respecto. O responsable de IBM para Europa, Lucio Estanda, declaraba: "*En países como Italia e España, incluso as universidades carecen do material informático necesario*" —o que algúns (bastantes na universidade española e galega) sentimos e seguimos sentindo de forma lamentable e espectacular—. "*Dentro de Europa hai grandes diferencias. En Suecia e nalgúns partes do Reino Unido, o nivel de uso das novas tecnoloxías é similar ó americano, mentres que os países do Mediterráneo están moi por debaixo (o 50%) da media europea*".

²³ N.T.: O barón belga Alexandre Lamfalussy preside, dende 1994, o Instituto Monetario Europeo, con sede en Frankfurt, para coordina-los preparativos da Unión Monetaria Europea e do euro, á espera do Banco Central Europeo, que se poñerá oficialmente en marcha en 1998, unha vez que sexan designados os países que cumpran cos requisitos económicos esixidos. O barón Lamfalussy deixará este cargo en xullo de 1997 e será substituído por Wilem Duisenberg, gobernador do Banco Central dos Países Baixos-Holanda.

²⁴ N.T.: Giscard propuxo que, como o dólar está infravalorado con relación ás moedas fortes europeas —polo que Europa paga o prezo, dende hai uns anos, cun déficit no seu crecemento—, Francia debería desvaloriza-la súa moeda con relación ó euro: 7 francos en lugar de 6,5 por euro, co cal o franco se desvalorizaría non só con relación ó dólar, senón tamén con relación ó marco.

P.- *¿Non hai un risco de releo infernal?*

R.- Un dos criterios de converxencia é a estabilidade dos tipos de cambio no curso dos dous anos que preceden á elección dos países. Non vexo, polo tanto, unha vez establecida a lista dos países europeos, é dicir, trala eliminación dunha incerteza maior, que tivesen que xurdir subitamente dúbidas sobre os tipos definitivos.

P.- *Cando Giscard di que hai que redondea-la paridade do franco con relación ó euro, é dicir un euro por sete francos, ¿é falar en abstracto?*

R.- O problema destes redondeamentos reside en que se se redondea con relación a un país, por definición non se fai con relación ós outros.

P.- *¿Cal sería a paridade do euro con relación ó dólar?*

R.- O dólar, ó nivel que ten actualmente con relación ás principais moedas europeas, parece que aínda está infravalorado. Pero o problema non se reduce á cuestión de saber se o curso do dólar en tal ou tal momento é bo. É preciso ver cáles son as posibilidades de manter cos EE.UU. un debate equilibrado para tratar de influír sobre o curso do dólar con relación ó euro.

Non comparto a opinión segundo a cal os EE.UU. levan a cabo unha política deliberada para influír sobre o tipo do dólar. Eles non se interesan no curso da súa moeda; isto élles indiferente e por varias razóns: trátase dunha economía relativamente pechada; un debilitamento do dólar ten moi poucas incidencias inflacionistas, ademais, o dólar é unha moeda de facturación; por último, e sobre todo, cando normalmente a baixada dunha moeda provoca, en non importa en qué país, saídas aceleradas de capitais —ou ten un efecto de perturbación maior sobre os mercados financeiros, especialmente impulsando cara a arriba os tipos de xuros a longo prazo—, este efecto non se produce nos EE.UU. ou fáino moi raramente.

A razón disto é moi sinxela. Para os investimentos internacionais, non hai alternativas verdadeiras dende o punto de vista da súa colocación ou emprazamento. Os mercados que temos en Alemaña ou en Francia son mercados pequenos, sen profundidade, pouco líquidos. Non hai mercado comparable ó dos bonos do tesouro dos EE.UU. Na medida en que teñamos esta situación, a baixada do dólar non provocará reacción por parte da política económica. Velaí a clave do problema.

P.- *¿Haberá, despois de todo, unha boa paridade?, ¿ten sentido o debate sobre un euro débil ou forte?*

R.- Se se quere facer do euro unha verdadeira alternativa para colocar ou situar os capitais financeiros internacionais, é preciso que este euro teña credibilidade e estabilidade, o cal depende da política que se siga para o euro.

Na medida en que o Banco Central Europeo (BCE) poida efectivamente levar a cabo unha política de estabilidade interna, a moeda vai alcanzar unha forza moi grande. Os americanos non poderán, de agora en adiante, permitirse xogar coa debilidade da súa moeda. Se o fan, asumirán riscos de tendencia á baixa e, como consecuencia, problemas para o funcionamento do seu mercado e altos tipos de xuros a longo prazo, polo que, chegados a este punto, as autoridades monetarias americanas e, eventualmente, as autoridades orzamentarias terán que cambiar de "*policy mix*".

P.- *¿Quen decide a estratexia que debe segui-lo euro? ¿Unicamente a Banca Central Europea? ¿Deciden os gobernos? ¿Como deben organizarse os uns e os outros?*

R.- O Tratado de Maastricht confíalle a conducta da política monetaria ó BCE co mandato de preserva-la estabilidade dos prezos.

Sen embargo, o artigo 103 do devandito Tratado di tamén que os estados membros considerarán a súa política económica como un asunto de interese común e estarán coordinadas no seo do Consello. Nas relacións entre o económico e o monetario, o importante é a "policy mix". Esta dosificación é o que ten unha incidencia maior sobre a xestión macroeconómica dun país. Para que sexa ben elixida, é preciso que exista diálogo. Hai dous no xogo, cada un no seu campo ou dominio.

O Tratado estableceu dúas canles de comunicación. O presidente do Ecofin (Consello de Ministros de Economía e Finanzas) como, por outra parte, un membro da Comisión, pode asistir ás reunións do BCE sen dereito de voto. O presidente do BCE pode asistir ás reunións do Ecofin; a cuestión é a de saber se con isto é suficiente. E é, precisamente, sobre este punto sobre o que me formulo diferentes cuestións, sobre todo nunha perspectiva a longo prazo.

Unha vez constituído o Banco Central Europeo non haberá máis ca unha única política monetaria pero, ¿dende que clave e polo económico? A coordinación das políticas económicas está nas mans do Ecofin. Pero, ¿acaso non conviría darlle unha estrutura máis forte a este Consello para que coordine efectivamente as políticas orzamentarias e se converta nun verdadeiro protagonista do diálogo co Banco Central? Estou falando a título persoal e trátase de ideas que desenvolvín cando fun membro do Comité Delors, en 1989.

P.- *Pero, tódolos países que están no Ecofin non estarán na zona euro.*

R.- Os ministros de finanzas da zona euro deberán defini-la posición da súa zona en relación ós ministros dos países que non formen parte desta e en relación ó BCE. Este problema vai ser particular para as relacións de cambio entre os países da zona euro e os outros. O BCE terá unha opinión. ¿Que farán os ministros da zona euro?, ¿actuarán unicamente no marco do Ecofin?, ¿terán a posibilidade de elaborar previamente unha posición común?

P.- *Os alemáns parecen ter medo a que cunha nova estrutura se trate de controla-lo BCE...*

R.- O "control" da política monetaria do BCE está, evidentemente, en oposición formal co Tratado. O diálogo non incorre nesa oposición e interésalle tanto ó BCE como ós gobernos. Ademais, esta estrutura non se vería unicamente destinada a estar enfronte do BCE, pois debe estar concibida para debater entre gobernos. Tomémo-la cuestión baixo o ángulo do "pacto de estabilidade". O pacto é unha iniciativa útil e moi importante. Terá un efecto disuasivo. Pero, incluso se este pacto é respectado, pódense concibir cambios bruscos nas necesidades de financiamento dun gran país con consecuencias inaceptables para os outros. Para evitarmos esta situación é

preciso unha coordinación *ex-ante* das políticas. Cómpre que os ministros das finanzas se entendan entre eles, falen entre eles. Para iso, sería necesario imaxinar un mecanismo apropiado.

